

Darío Piñeiro comenta as estratexias coas que se está a transformar Lán cara

O alcalde de Lán cara, Darío Piñeiro López, abre un ciclo de entrevistas dos dirixentes dos concellos que conforman a comarca de Sarria. O socialista que dirixe o municipio no que a carne ten un valor esencial, destaca principalmente a natureza e os monumentos históricos como un valor. Non faltan as referencias ás accións que se acometerán proximamente e que están moi vinculadas aos terreos de Adif que agora pasan a ser da vila. Os proxectos máis inmediatos para Lán cara son aumentar a cobertura de internet e levar a auga e os servizos municipais ás aldeas. **Pax. 11**

Novo ano, novas expectativas

Colectivos da comarca fan un estudo dos seus propósitos de cara ao 2022 así como das necesidades que acumulan e ás que tentarán poñer solución



Os colectivos e asociacións sarriaos márcanse propósitos, desexos e obxectivos de cara ao vindeiro ano 2022 aínda que o principal de todos eles é o de gozar de boa saúde e a volta á normalidade, un factor que se viu afectado nestes dous últimos anos por mor da pandemia que paralizou a vida social, o comercio, as actividades ou os festexos. Nos últimos meses fóronse reactivando moitos destes sectores, favorecendo así unha mellora na calidade de vida da veciñanza e aínda que volven estar en situación de risco nesta nova vaga teñen xa o seu plan de traballo deseñado. **Pax. 2-3**

sarria. Licitado o servizo de atención temperá en 114.500 euros. **Pax. 5**

paradela. O Concello estrea un punto limpo móbil e fai unhas charlas. **Pax. 8**

triacastela. Un plan permite ampliar o solo industrial na vila. **Pax. 9**

samos. Adrián Folgueira dirixe as obras do Castro de Formigueiros. **Pax. 9**

páramo. O colexio promociona os produtos locais no comedor. **Pax. 10**

lán cara. Os terreos da antiga estación pasan a ser do Concello. **Pax. 10**

o incio. O obradoiro de emprego acondiciona o parque biosaudable. **Pax. 12**

O club Clásicos de Sarria




Creado no ano 2018 por un grupo de amigos. **Pax. 6**

A cantante inciá Lucía Pérez



Entrevista na que fala dos comezos e do futuro. **Pax. 13**

Os Meigallos Fútbol Sala



Violeta Díaz fala do presente e o futuro do club. **Pax. 22**

Aprobado o Plan Único cun investimento de 21,5 millóns

A Deputación sacou adiante as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A propos-

ta foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e coa abstención do PP. Prevese que a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para presentar os proxectos que queren desenvolver. **Pax. 14**


PARALELO43

Porque una buena web empieza...
por lo que no se ve

Si te planteas tener una web, cambiar la que tienes, mejorarla...
llámanos 607 963 291
porque un buen funcionamiento empieza por dentro



SARRIA

Os propósitos dos colectivos

Asociacións e formacións comarcais márcanse os obxectivos para 2022 entre os que figuran moitas das súas reivindicacións históricas

Os colectivos e asociacións sarriaos, ao igual que os cidadáns, márcanse novos propósitos e desexos de cara ao novo ano. Dende aquí queremos dar voz a tódalas agrupacións que conforman e facilitan a vida dos veciños de Sarria.

Hai un único desexo e obxectivo que une a todos os colectivos e cidadáns. Este é o da saúde, un factor que se viu moi minguado nos últimos dous anos. A covid 19 irrompeu paralizando a vida social, o comercio, as actividades, os festexos e todo tipo de acto que consistira nunha pequena agrupación de persoas. Nos últimos meses, fóronse reactivando todos estes sectores, favorecendo unha mellora na calidade de vida dos lucenses e dos grupos que conforman.

Aínda que as administracións públicas están a favorecer e impulsar os distintos sectores, para axudar e dinamizar a economía e promover a cultura e as diferentes actividades sociais, as asociacións e colectivos reivindicamos un incremento no apoio que lles facilite a volta á normalidade.

Os colectivos que se encargan de facilitar a vida dos veciños debido a que estes padecen algún tipo de enfermidade, son grandes grupos que apoian e sustentan unha mellora no día a día das persoas.

COLECTIVOS

Neste eido, **Afalu Alzheimer**, unha organización sen ánimo de lucro que favorece unha mellora na calidade de vida dos seus pacientes, un apoio, para as familias e un factor fundamental na campaña de concienciación, prevención e información sobre as demencias neurodegenerativas.

Neste senso, María Carmen Pena Ledo, presidenta da asociación destaca dous obxectivos principais de cara ao 2022 “seguir insistindo na prevención mediante a estimulación cognitiva e a terapia e, dar visibilidade á problemática á que se enfrontan día a día os enfermos e as súas familias. Seguiremos defendendo os seus dereitos e as súas necesidades”.

Aproveita para pedirlle ao novo ano “que as administracións públicas sigan colaborando co noso colectivo así como ampliar e axilizar os recursos para os doentes de Alzheimer e demencias neurodegenerativas e as súas familias”.

A cultura, foi un dos sectores máis paralizados e un dos que máis di-



Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria

ficultades están tendo para volver á reactivarse. Son circunstancias onde existen aglomeracións de xente e é complicado poder ofrecer unha programación ampla e variada de actividades culturais sen que supoñan un risco. Coa chegada das vacinas volvéronse abrir teatros e retomáronse as actuacións celebrando as diferentes festividades a medio gas. Polo que, o obxectivo é común para tódolos colectivos que fomentan as actividades culturais da zona, que o virus permita encher teatros e realizar as festas tradicionais da vila coma nos anos anteriores á aparición da Covid.

CULTURA

Dende a **Asociación Rúa da Música** márcanse como obxectivo este ano unha meirande de proxectos que axudarán a promover a cultura musical da vila. O seu propósito principal é o de “proporcionar apoio as bandas emerxentes de Sarria para que poidan ensaiar, dispor de material, poñerse en contacto entre elas. Apoiar estas bandas e a cultura é beneficioso para as novas agrupacións sarriás”.

Neste ano cumpren dez anos polo que teñen en mente celebralo co xa tradicional festival Garitosis. “Terá lugar o 17 de setembro que é sábado. Non hai bandas confirmadas pero é unha festividade que rememora os dez anos de vida da asociación, participarán bandas locais e algunha de fora”.

Tamén están en proceso de editar un CD “un disco dobre que vai ter temas de grupos que durante anos ensaiaron na asociación, polo que se tirará de gravacións antigas ou se reunirán para gravalos de novo de maneira excepcional. Outras son bandas en activo que gravaran un tema para o disco. Cada un dos discos contará con dez temas onde estarán tódolos grupos que pasaron

pola asociación”.

Ademais, suman na súa axenda varias actuacións e concertos, como xa é habitual. Cada mes achegan a música en directo aos veciños e “a expensas de como vai o tema da pandemia e as restricións, están programados tres concertos. O 14 de xaneiro virán os Alcantara un grupo de Ferrol que fan versións de artistas coñecidos e moi clásicos nacionais, o día 5 de febreiro ven Wicked World que é unha banda de Lugo que fai versións de rock e heavy metal e o 19 de marzo unha banda de Albacete que se chama True Enemy, unha banda de rock que fai temas propios que están presentando o seu novo disco e fan xira desde Albacete”.

Tras marcar como obxectivos a realización de todos estes proxectos, reivindicamos ás administracións pú-

blicas que apoien a cultura. “A nós como asociación que leva 10 anos de vida e formamos parte activa da vida cultural da vila, gustaríanos que nos apoiaran economicamente con estes proxectos que vamos presentar agora, como o disco. Parece ser que si que vamos recibir apoio no disco e na realización da Garitosis. A Garitosis faise tódolos anos e sempre conta con axuda do Concello. Mentres se sigan portando así non temos queixa”. Reclaman así que se apoie a cultura, as bandas emerxentes, aos músicos da vila e ao colectivo tanto nas contratacións para que actúen nas festas da vila, que xa se ven facendo, como tamén nestes novos proxectos xa mencionados.

Os negocios e establecementos sarriaos desexan un ano con máis compras por parte dos veciños, que admiten, cada vez son máis conscientes de que realizar as xestións nos establecementos de proximidade promoven e xeran riqueza na localidade, movendo a economía, creando postos de traballo e favorecendo as pequenas empresas

COMERCIO

Dende a **Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES) – CCU Sarria**, ao longo do 2022 “continuaremos dando un servizo de asistencia e apoio ás empresas de

comercio, servizos, profesionais e autónomos da comarca de Sarria, promovendo ás mesmas e fomentando o seu pleno desenvolvemento”.

ACES fundouse no ano 1997 como organización empresarial sen ánimo de lucro, aínda que se converteu en CCU propiamente dito no ano 2004. Os principais obxectivos dende os inicios desta organización, son a representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos seus asociados, actuando en representación das empresas da localidade ante entidades públicas e privadas, e facendo o papel de mediadora e interlocutora perante organismos e foros nos que o sector empresarial da Vila precisa estar presente.

Dende o CCU de Sarria afirman que “intentamos incentivar o consumo a través de distintas actuacións, algunhas novidosas e outras afianzadas entre os consumidores e os establecementos tras varios anos de recoñecemento. A última que tivemos en vigor foi a campaña de Nadal, coa cal sorteamos mil euros entre as compras realizadas na última quincena do mes de decembro nos establecementos asociados. A persoa gañadora investiu estes mil euros nos mesmos establecementos. A campaña de nadal é unha das máis fortes do CCU, este ano grazas a un convenio de colaboración co Concello de Sarria podemos gozar dunha pista de patinaxe de xeo, que se instalou na Praza da Vila o 23 de decembro, e que funcionará ata o domingo, día 9 de xaneiro, a cal está tendo unha gran acollida entre os veciños e veciñas, e tamén de poboacións próximas que non dúbidan en dar un paseo sobre o xeo, sobre todo, os máis cativos”.

Os membros da Asociación consolidan que “no ano 2022 seguiremos a mesma liña, adaptando as campañas aos cambios nos hábitos dos consumidores. Por exemplo, coa declaración do estado de alarma no ano 2020 creouse unha plataforma gratuíta de venda de bonos (www.acesarria.net). Esta plataforma tivo un gran alcance a nivel de medios, con entrevistas para varios telexornais e prensa escrita, ao tempo que permitiu animar aos donos dos negocios que estaban pechados, e tamén aos nosos clientes. Ao tempo creamos un grupo en redes que segue tendo moita forza a día de hoxe “Voltaremos pronto”. Contamos tamén cunha plataforma de fidelización “Club CCU Sarria”.



De arriba a abaixo, o CB Sarria e a Asociación Mulleres Rurais de Paradela



Arriba, a banda de música de Sarria e abaixo, Peleríños

No relativo ás campañas habituais que coinciden con datas sinaladas no calendario (San Valentín, día da nai, día do pai, ...) imos variando a dinámica da mesma, na procura de captar a atención dos nosos clientes en cada momento. Antes da pandemia celebrabamos a "Sarria Fashion Night" na cal as rúas da vila se vestían de moda.

Esta campaña tamén tiña un gran alcance mediático e éxito entre os clientes. En definitiva, este novo ano seguiremos na mesma liña, rediseñando e adaptando as distintas campañas para o incentivo do consumo na nosa vila ás necesidades dos consumidores".

Ademais, tamén se encargan de divulgar as normativas entre os empresarios "tamén temos unha labor moi significativa á hora da información da que dispoñen os nosos asociados, sobre todo agora que a normativa é tan cambiante. Dende as nosas oficinas seguiremos informando aos asociados de todos os cambios legislativos e normativos que publiquen os distintos organismos. Así como as posibles axudas ás que poden optar e a súa tramitación sen custe adicional".

Para poder tramitar todas estas campañas e obxectivos no 2022 dende a Asociación afirman que "é imprescindible a colaboración das distintas Administracións. O apoio ás Asociacións deste tipo é imprescindible para a supervivencia da maioría das existentes. Outra forma de colaboración é a través de campañas a iniciativa dos orga-

nismos nas que colaboramos como Asociación, como foron no pasado ano 2021 os bonos "Activa Comercio", "bono turístico" e "bono Cultura" da Xunta de Galicia, ou os "Bonos Impulso" da Deputación de Lugo. Estas campañas tamén tiveron unha enorme acollida entre os consumidores e establecementos

participantes, e fomentaron as compras durante a súa vixencia. Por outra parte, tamén é importante poder trasladar as inxerencias dos sectores que representamos aos distintos organismos, así como á lexislación ou normativa que se considere mellorable".

As asociacións de veciños son unha parte fundamental para a creación dunha sociedade. Estas encárganse de reivindicar os dereitos dos cidadáns, de unir forzas e loitar polas melloras específicas dos seus barrios e as súas zonas. Despois da pandemia son moitos os veciños que viron minguados os seus ingresos, que viron necesario un plan de axudas e que se envorcaron na reconstrución da vida social do seu barrio.

Fernando Rois Rois, **Presidente da Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalia de Castro" - CoGaVe**. Un colectivo que representa a unha gran parte da sociedade da provincia confirma que entre "os obxectivos de cara ao 2022 están o de seguir defendendo os intereses de tódolos galegos e galegas, independentemente de onde vivan. Temos que seguir dando batalla en materia de cobertura

de telefonía móbil e internet, que segue sen chegar a moita xente. Tamén seguiremos enriba da mellora de conexións entre Galicia e tamén de Galicia co resto da península. Tamén en materia de atención presencial, especialmente en tema sanitario. Seguiremos denunciando os abusos das entidades bancarias. En definitiva, seguiremos defendendo aos veciños e veciñas de toda Galicia".

En canto as reivindicacións, o presidente recorda que "na maioría dos casos non obtivemos resposta nin tampouco execución en tempos aceptables. Esixiremos que estean á altura das necesidades da cidadanía, xa que son entidades públicas, ao servizo das persoas".

ASOCIACIÓNS

A **Asociación de Mulleres Rurais de Paradela** márcase como obxectivo o de "seguir a medrar como asociación e cubrir a demanda das nosas socias e veciños ademais de seguir a ter un papel importante na colaboración social co Concello".

Por outra banda, ás administracións "diríamollas que unha asociación non se mide por se ten local de seu ou non, como nos pasou en varias ocasións á hora de acceder ás axudas. Unha asociación mídesse polo bo facer, a súa actividade, etc. E iso non se pode comprobar dende un despacho senón pedindo información nos concellos e sobre todo tendo reunións coas directivas onde podamos explicar as nosas carencias e inxerencias e poidamos tamén acordar con elas. Necesitamos mais axudas e menos trabas administrativas. As axudas deberían ser directas cun prazo de xustificación, pois a maioría das asociacións non temos liquidez suficiente para adiantar o diñeiro e esperar a que á administración lle dea a gana de pagar. Recordo unha anécdota que tivemos na nosa Asociación coa Deputación Provincial que reflexa moi ben á problemática

da que estamos a falar: Fai uns anos despois de arranxar toda a parte administrativa (que non era pouca) concedéronnos un curso de xoiería. Pois ben, a días de empezar chamoume un señor, que supoño que sería un funcionario porque a min non se me identificou en ningún momento, para dicirme que non tiñan profesor para o curso ofertado e por conseguinte se suspendía o curso".

O deporte en Sarria é un sector no que tamén influíu moito a pandemia. Por iso, de cara a este novo ano os clubs estableceron diferentes propósitos e obxectivos entre o que destaca seguir inculcando o deporte como hábito saudable aos máis cativos. Por outra banda, tamén pretenden seguir competindo e realizando encontros de gran envergadura na cidade, como a participación na volta ciclista galega que terá lugar este verán na vila.

DEPORTE

O Club de baloncesto, **CB Sarria** afirma que "os obxectivos son manter o número de integrantes do conxunto de equipos, actualmente 250 pequenos e pequenas da comarca de Sarria, e o segundo seguir traballando na canteira e poder sacar dous equipos seniors, feminino e masculino con xente do club".

Ademais, de cara ao 2022 "non temos ningunha reivindicación cara ás administracións, soamente podemos agradecer o apoio do Concello de Sarria, da Deputación de Lugo a través da Vicepresidencia de Deportes, e da Xunta de Galicia a través de Deporte Galego".

Por outra banda, o **SD Paradela** marca como principal obxectivo gañar sempre o partido "vamos intentar meternos na fase de ascenso e despois vamos pelexar como jabatos ata o final. Despois o verde e o balón poñerá a cada un no seu sitio, a intención é sempre pelexar ata o final e partido a partido. Hai que ter sempre presente aos nosos

socios e o panorama que temos de Covid, que oxalá nos deixe seguir xogando e seguir disfrutando deste deporte. En calquera caso, adaptáronos ao que nos manden as autoridades".

En canto as reivindicacións "eu creo que aquí temos unha Federación que está traballando moi ben con Manolo Vilachá á cabeza e, está facendo, ao meu modo de ver, as cousas ben, de aí para arriba incluíndo a federación a maior reivindicación sería que apoiem o fútbol comarcal e rexional porque arredor del calquera pobo pequeno xunta moita xente, moita xuventude, xera moito ambiente, move a economía da zona e sobre todo fomentamos o deporte e a rivalidade que fai falta no mundo da xente nova. Que fomenten eso as autoridades e potencien todas esas cousas".

Violeta Díaz Pérez, presidenta do club **Os Meigallos FS** de Sarria marca como obxectivo de cara a este 2022 "o de tódolos anos, intentar mellorar, conseguir o mellor posto posible e permanecer nas categorías ou conseguir ascender. Isto é o que pretendemos todos os anos". Tamén denuncia que "cobramos unha pequena subvención da Xunta, outra da Deputación pero, por exemplo, do Concello de Sarria levamos sen cobrala dende 2016, da igual que sexa este partido de agora, o anterior ou o de sempre. O fútbol sala sempre estivo discriminado, as subvencións comezaron con 400 euros, a máxima que cobramos foron 2000 euros, que non chega para nada. Temos cinco equipos en liga galega, somos o club de Sarria que temos os equipos na máxima categoría porque o resto de asociacións e clubs están xogando en liga local e non temos nada de subvención. Con 160 fichas me parece que podían mirar máis polo fútbol sala. Din que nos valoran moito que facemos moito traballo, que é unha marabilla pero ao final levamos dende o 2016 sen recibir nada do Concello".

Muebles Celeiro

Veña visitar a nosa exposición

30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Crta. Lu546, km16) Sarria - Lugo / Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

A subida das taxas da auga foi truncada na sesión plenaria

O PP levou ao pleno unha moción para a recuperación da zona do Chanto e outra para evitar a subida das Ordenanzas Fiscais, taxas ou impostos de cara ao 2022 e, ámbalas dúas foron aprobadas.

No pleno, o concelleiro José María Escudero explicou que dende o ano 2007, que se realizou o contrato coa empresa Espina y Delfin, as tarifas non foron actualizadas segundo o IPC e, que foi a mesma empresa a que solicitou un reaxuste. Os tres partidos da oposición, coincidiron en que este non era o mellor momento para unha subida de impostos ou taxas e, que se debería de optar por facer un presuposto novo que non implicara a un ben de primeira necesidade. Esta iniciativa contou con 10 votos en contra e 7 a favor, polo que non se aprobou.

Por outra banda, a moción presentada polo grupo Popular obtivo a aprobación nesta sesión.



Esta, tiña como obxectivo principal a recuperación da zona do Chanto onde é necesaria unha reparación na presa, na zona fluvial e no edificio municipal. Nesta moción, mostraron o seu acordo o PSOE e o BNG, mentres que o goberno local mantivo a súa abstención, afirmando que están de acordo coa necesidade de rehabilitar este espazo e por iso, xa hai un plan que o recolle. Son outros organismos os que atrasan a actuación ao non dar os permisos.

Don Pepe leva a máxima puntuación por parte dos clientes no Tapicheo 2021



Participantes no Tapicheo 2021

O resultado popular do Tapicheo 2021 de Sarria deixa no número un ao Don Pepe con *Nueva Normalidad*.

O día 8 de decembro era o último para poder depositar as tarxetas de votación popular do Tapicheo 2021, tras a súa recollida e reconto o resultado foi o seguinte. No primeiro lugar queda Don Pepe coa súa tapa *Nueva normalidad*, no segundo posto 8mm con *La croqueta*, terceiro, Cafetería San-

tiago co seu petisco *Ledicia*. Na cuarta posición quedou Casino coa súa tapa *Brunch*. O quinto posto acadouno o Restaurante Bar Camping co *Arep Burger* e sexto D'Orixen con *Todos somos Galicia*.

Os premios para os establecementos gañadores entregáranse durante a celebración da Cena de Hostalería da Comarca de Sarria, e consistiron nun trofeo acreditativo para cada un dos premiados.

Licitado o servizo de atención temperá local en 114.500 euros

Ata o día 11 de xaneiro poderán presentarse as propostas das empresas para a adxudicación do servizo de atención temperá de Sarria.

O Concello licitou un contrato en 114.488 euros sendo 91.590 euros para o custe dos profesionais que levarán a cabo as actividades no centro e, os 22.897 euros restantes serán para sufragar os gastos que este servizo carrega. O equipo técnico que debe aportar a empresa ten que estar formado por un logopeda, un psicopedagogo, un psicólogo, e un mestre psicomotricista. Deberán ter especialización no desenvolvemento infantil e a atención temperá ou acreditar experiencia de dous anos como profesional no eido da atención social, educativa, sociosanitaria ou sanitaria en rapaces de 0 a 6 anos. Os horarios manteranse como na actualidade e os servizos prestaranse nos mesmos, de luns a mércores de 10.30 a 12.30 horas



e de 15.30 a 18.30 e os xoves e venres de 8.30 a 12.30 horas.

SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ. Este servizo atende aos nenos dos sete concellos que conforman a comarca, Sarria, Lánca, Triacastela, O Páramo, Paradela, Samos e O Incio. Está destinado a aqueles menores de 0 a 6 anos

que presentan algún tipo trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo, ou ben se dea unha situación de vulnerabilidade. A empresa adxudicataria rematou o seu contrato a finais do mes de outubro e realizouse un acordo para que siga prestando os servizos mentres non se resolve a devandita licitación.

Panadería Pallares gaña o concurso de escaparates



Entrega do premio do concurso de escaparates

Tralos votos do público, a Panadería Pallares de Sarria foi o establecemento gañador do concurso de escaparates convocado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Sarria.

Esta campaña desenvolveuse entre os días 21 e 27 de decembro. Durante estes días varios escaparates competiron nas redes sociais de ACES por ser o máis votado. As tendas participantes cos seus escaparates foron "Bicarelo, Bicos de Fío, Calzados Gayoso, Cris Abad, Dos Ruedas, Duet Moda, Estanco Gallego, Mercería Sarillo, Moncho Moda, Panadería Pallares, Santamarta, Trece Tablas e Zaida moda infantil y juvenil".

De todos, os que acadaron máis

"Me gusta" nas publicacións foron os da Panadería Pallares cun total de 144, en segundo lugar quedou o comercio "Calzados Gayoso" e en terceiro lugar o de "Trece Tablas". A Panadería Pallares decorou un total de catro escaparates. Nun pódese ver a Santa Claus e a súa muller en movemento dándose un bico nun entorno de Nadal con dous renos, no segundo, un boneco de neve móvese animadamente, no terceiro, unha árbore de Nadal representa diferentes oficios mentres, que no último podemos ver un crebanoces. Ricardo Arias foi o encargado de entregar o diploma ao establecemento gañador que está rexentado por Antía Fernández.

A campaña solidaria do CB Sarria superou todas as expectativas

O CB Sarria levou a cabo a súa campaña solidaria no tempo de Nadal. Desta volta, contando coa colaboración de Área de Benestar Social do concello sarriao, e pensando, como é norma, nos nenos e nenas máis necesitados da contorna.

Así, lanzouse a mediados de decembro unha campaña de recollida de libros e xoguetes na que se implicou igualmente a familias non vencelladas directamente á entidade baloncestística. Pouco a pouco foise enchendo unha zona do vestíbulo do pavillón "Novo Chanto" coas achegas de persoas incluso de fora do propio municipio, superando con creces o logrado en anos anteriores, e mantendo sempre as normas COVID19 para a súa entrega e recollida. Onte martes 4 de xaneiro, o CB Sarria entregou todo o doado ás persoas encargadas desta labor solidaria, para que procedan a facer a súa correspondente entrega. Dende o club quere agradecer profundamente a enorme colaboración de todas as familias e permitir así a que os pequenos e pequenas sen recursos teñan os seus xoguetes nestas datas tan propias deles e delas.

Nesta campaña encargáronse de recoller libros, contos, tebeos, películas, música, xoguetes que non se usen para destinalos aos nenos e nenas máis necesitados da contorna.

O PP presentará unha moción para recuperar a zona do Chanto

Os concelleiros do Partido Popular de Sarria presentarán unha moción que ten como protagonista o espazo público do Chanto. Unha zona verde a carón do río onde se sitúan as piscinas municipais, zonas deportivas, merendeiros, restaurantes e un parque infantil, epicentro da vida veraniega, cheo de nenos e familias.

Así pois, dende o PP sinalan o "estado de abandono no seu 60 aniversario. Co edificio público apuntalado dende fai un ano, co río Sarria, na tradicional zona de baño, sucio e descoidado e coa



A zona do Chanto

presa que lle daba sustento a esa zona rota e desfeita dende fai tempo, ademais dun entorno descoidado e indigno da importancia que este espazo ten na vida estival Sarriana".

O grupo Popular cre preciso un Proxecto de Recuperación integral na zona do Chanto que "lle de solución definitiva á reparación da presa do río, para recuperar integramente a zona de baño fluvial histórica de Sarria, e as obras necesarias de rehabilitación do apuntalado edificio público municipal e o seu entorno natural".

A Matemaxia foi o colofón antes do Nadal no IES Xograr Afonso Gómez

O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria puideron desfrutar no seu último día de escola previo ás vacacións dunha sesión de MateMaxia. Este espectáculo correu a cargo da man de Roberto Lolo, un mago afincado na zona que ten unha gran vinculación coa vila de Sarria.

Na actuación, preparada de maneira específica polo artista para o instituto sarriano os asistentes puideron desfrutar de trucos que enlazaban numerosos conceptos matemáticos, combinacións imposibles, figuras xeométricas, cálculo, etc. O gran Showman fixo as delicias dos asistentes que colaborou na divulgación do Club de Ciencia do instituto, unha actividade de innovación educativa que estrearon este ano no centro escolar.

É o termo coñecido e utilizado para referirse á maxia que utiliza propie-



dades matemáticas para producir efectos nos asistentes. A primeira vez que se utilizou o termo matemaxia foi no libro "Mathemagic: Magic, Quebracabezas and Games with Numbers" publicado en 1933 por Royal Vale Heath.

Este é un libro onde aparecen moitos efectos baseados en propieda-

des numéricas, fundamentalmente do tipo "acertar o resultado" ou "acertar o número pensado", diversos xogos con cadrados e triángulos máxicos, e algúns trucos para facer operacións de forma rápida con números grandes. Este libro é considerado xa un clásico da bibliografía matemática.

Alecrín Dourado reparte un premio millonario



María José López, ante o cartel anunciador do premio

A combinación de números 12 3225 14 3 17 co complementario en 6 e o reintegro en 8 deixou un premio de 1.977.363 euros na Administración de Loterías nº1 de Sarria, Alecrín Dourado, situada rúa Marquesa Casa López.

O premiado, un sarriano de case 40 anos de idade que vive no casco urbano da vila. Acostuma a realizar apostas no sorteo de euromillóns e na bonoloto, xoga a lotería só en ocasións e datas especiais como a de Nadal. Nesta ocasión, foi unha combinación de máquina a que lle deu o gran premio.

Pola súa parte, a encargada desta sede de lotería María José López mostrouse moi ilusionada de poder repartir un premio destas dimensións. Leva a cargo desta administración catro anos e estes case 2 millóns de euros é o maior premio que se reparte desde esta oficina. "Cando me chamaron da Delegación contando que o boleto premiado se repartira nesta sede non mo podía crer. Isto é un premio moi grande xa que cando vendes loterías o único que queres é dar premios polo que a emoción é moi grande e axuda a superar o día a

día, sobre todo nestas datas onde se está a vivir a época do Nadal e a sobrecarga de traballo que conleva. Espero que sexa un preludio do que acontecerá o día 22 de decembro e que motive aos sarriaos a pasarse por aquí para probar sorte. Desexo que isto solo sexa o principio".

Antes de coñecer ao gañador, María José xa sospeitaba que ao ser o boleto premiado semanal, tería que ser un dos veciños que acostuma a realizar este tipo de aposta. Non se equivocou e ao longo do día de hoxe o premiado, que prefire manterse polo de agora no anonimato, confirmou as súas sospeitas. Este tipo de sorteo permite realizar unha aposta semanal de luns a sábado por tan só tres euros. O bote máximo vaise acumulando ata que unha das persoas acerta a combinación completa. Este boleto galardoado foi o único de primeira categoría e houbo outros cinco boletos de segunda categoría.

María José López leva a cargo desta sede dende fai catro anos. O premio deste martes de casi dous millóns de euros é o máis grande que tivo a honra de repartir, aínda que espera que non sexa o último.

EMPRESA DE
COMUNICACIÓN
NECESITA
COMERCIAL

- Compatible con outros traballos
- Salario según convenio máis produtividade

Interesados enviar C.V. a: comunicacionepublicidade@gmail.com
ou chamar ao 661 464 323

mybike Lugo

NUEVAS INSTALACIONES

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

Cando un coche deixa de ser vello

Sarria conta cun club de vehículos clásicos que naceu no ano 2018 da man dun grupo de amigos para celebrar distintos eventos

O parque móbil español conta, na actualidade, cunha media de 13,2 anos, polo que existen unha gran cantidade de vehículos vellos circulando polas nosas estradas. Dependendo das características de cada un, poderán ser catalogados como clásicos ou históricos.

Normalmente úsanse as palabras clásico e histórico como sinónimos para referirse aos vehículos de certa antigüidade. Porén, de cara ás administracións competentes que regulan este tema o termo clásico non se emprega en ningún dos Reais Decretos polo que é incorrecto afirmar “vou matricular o meu coche como clásico”. No territorio español tan só existe un réxime especial para os vehículos históricos e, por iso, a matrícula que se lles outorga comeza pola letra H.

O principal requisito para considerar un vehículo antigo en histórico é a antigüidade. Ata o ano 2018, tódolos vehículos superiores a 25 anos podían entrar nesta categoría de clásicos, pero coa nova normativa que entrou en vigor o 20 de maio dese mesmo ano, este límite de idade se ampliou a 30



anos. Outro requisito é que non se fabriquen máis unidades dese modelo e que manteña o seu estado orixinal, sen cambios nas súas características técnicas ou compoñentes principais.

Outro factor a ter en conta para que un vehículo sexa histórico é que este debe estar rexistrado no Inventario General de Bienes Muebles de Patrimonio Histórico Español. Ademais, as característi-

cas e as prestacións que ofrezan, supoñen un valor engadido ao mesmo tempo que aumenta o seu prezo de venda.

Para acadar a denominación de coche clásico hai que presentar a documentación necesaria e, para iso, o propietario debe ter un documento que recolla as características técnicas do vehículo. Isto pode resultar complicado se non se ten o orixinal, por iso, o aconsellable é acudir as asociacións ou clubs adicados aos vehículos históricos. Neste documento, tamén deberá constar as características propias do vehículo, fotografías do mesmo e si conta con algunha limitación de circulación.

O primeiro paso é que o vehículo pase unha inspección nun la-

boratorio oficial acreditado pola comunidade autónoma onde se quere tramitar a denominación do coche clásico. A continuación, o órgano competente da comunidade autónoma deberá dar a súa aprobación baseándose nos resultados do exame e, por último, o vehículo terá que pasar a ITV para a súa posterior matriculación como clásico histórico na Xefatura de Tráfico que corresponda.

CLUB CLÁSICOS SARRIA. Na comarca de Sarria contan cun Club de vehículos clásicos que naceu no ano 2018, da man dun grupo de amigos amantes dos vehículos antigos e clásicos, co ánimo de agrupar e organizar eventos de maneira conxunta entre os compañeiros de afección. Na ac-

tualidade contan con 80 socios de Sarria e outras cidades de Galicia.

Este club é moi novo e ten moitas ganas de organizar eventos, compartir experiencias e promover a comarca de Sarria. Este obxectivo principal viuse truncado coa chegada da pandemia que afectou directamente a este grupo que estaba emerxendo.

Entre os obxectivos que ten esta asociación encóntrase o de recuperar, conservar e restaurar todo tipo de vehículos antigos, recopilar datos, manuais técnicos, libros e calquera tipo de documentación de vehículos clásicos. Realizar concentracións, rutas e exposicións colectivas de vehículos propios e alleos e por último, brindar axuda e apoio entre os socios.



Algúns dos vehículos que forman parte da asociación

“Para ser socio non é necesario ter un vehículo clásico”

Íker Trevijano é o presidente do club Clásicos de Sarria

Cal é a cita máis esperada do ano polos socios?

Ademais de diversos actos, o principal acto do club é a organización dunha concentración anual, o primeiro domingo de xuño en Sarria, acompañada dunha ruta e un rally de regularidade pola nosa comarca, na que recibimos vehículos de toda Galicia e de outras comunidades autónomas.

Que hai que facer para ser socio?

Para ser socio do noso club, non é preciso ter un vehículo clásico, tan só ter afección por eles.

Que características ten que ter un vehículo para ser clásico?

Considéranse vehículos clásicos

aqueles que superen os 30 anos de antigüidade.

En que prezos se poden atopar?

O valor dos vehículos tamén é moi diferente, aínda que en moitas ocasións é máis importante o valor sentimental posto que son coches que sempre estiveran en casa ou eran dalgún familiar achegado.

Cales son as características do perfil medio dun socio?

O perfil dos socios é moi amplo, temos socios de tódalas idades.

De onde son maioritariamente os membros da asociación?

Actualmente os nosos socios son principalmente da comarca de Sa-

ria, pero xa se uniron a nós outros compañeiros de Lugo, Burela, A Coruña...

Cal é o vehículo máis antigo da asociación?

Os vehículos máis antigos pertencentes ao noso club son un Amilcar do ano 1926 e un Chevrolet rubia do 1927.

A parte das concentracións e rutas facedes algún tipo de actividade ou labor máis?

Precisamente estamos a realizar informes para a catalogación de vehículos históricos esta tempada en Sarria. Xa fixemos 32 vehículos do club e pasadas as festas, os enxeñeiros volverán para facer outros 7.

COMARCA

A sexta vaga da covid arrasa polos contactos de Nadal

As que prometían ser as festas de Nadal de volta á normalidade acabaron castigadas polo desbordado crecemento da covid en toda a provincia. Despois de ter a comarca case limpa de covid, a situación neste Nadal deixou a todos os concellos da contorna con presenza do virus, en maior ou menor medida. Sarria segue crecendo en casos positivos de forma descontrolada e o resto están xa por riba do dez enfermos. Malia que comenzaron a impoñerse algunhas restricións, a situación desbordouse axudada polos contactos das festas de Nadal e non parece atoparse aínda preto o pico da curva.

O caso é que se está a chegar a cifras de récord pero a tranquilidade é outra xa que a vacinación, que está xa na terceira dose para a maior parte da poboación e coa primeira os menores de 12, reduce de forma importante a hospitalización malia que as consultas dos centros



de saúde están desbordadas chegando ao colapso dalgúns centros debido á falta de médicos xa que a Xunta non ampliou a contratación de máis médicos.

Tamén volveron os falecementos nesta vaga, aínda que nunha porcentaxe máis reducida.

As novas restricións implican a exi-

sencia do certificado covid en todos os locais, o uso continuado de máscaras, redución de horarios de apertura dos locais de hostalaría ata as 0.00 horas, redución de aforos en competicións deportivas e de grupos de non convivintes. Pola contra, as cuarentenas quedan reducidas a sete días en lugar dos 10 que había.

Urxen a Xunta e Goberno mecanismos contra as perdas das gandeirías de carne

O Grupo Provincial do BNG demandou á Xunta e ao Goberno do Estado medidas eficaces e urxentes para paliar as perdas das gandeirías de carne. Segundo explican desde a formación nacionalista, “a pandemia da covid non fixo máis que agravar a situación de afogamento que leva padecendo o sector nos últimos anos debido a un incremento continuo dos custos de produción, agora disparados pola suba dos insumos, o gasóleo ou a electricidade”.

Desde o BNG, “esixen aos gobernos galego e estatal mecanismos eficaces que eviten que os gandeiros vendan a perdas e ferramentas que garantan a produtores e produtoras un verdadeiro poder de negociación fronte á industria e á distribución”.

Tamén demandan á Consellería de Medio Rural un programa de axudas ao sector, que estableza pagamentos directos aos gandeiros e gandeiras e garanta a continuidade das granxas. “A iniciativa pretende dar respaldo político e institucional as demandas dos gandeiros e gandeiras e situar no centro do debate as problemáticas dun sector fundamental para a provincia de Lugo”, din.

Tanxugueiras é a Palabra do Ano 2021

Rematou un ano máis marcado mundialmente pola pandemia, pero o 2021 tamén trouxo alegrías que moi ben soan. A palabra que simboliza unha delas, tanxugueiras, acaba de se converter na Palabra do Ano 2021, tras se facer coa maioría dos votos das persoas que participaron na elección popular promovida polo Portal das Palabras. A voz máis elixida entre as que chegaron á final do concurso promovido pola páxina web para a difusión do léxico da Real Academia Galega e a Fundación Barrié (tamén o fixeron coada, gromo, resiliencia e vacinódromo) gañou popularidade nos últimos meses da man da banda de Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro, un referente dos novos camiños que está a abrir, con grande éxito, a música tradicional galega.

E malia non estar no Dicionario, a palabra que escolleron para chamarse artisticamente ten as raíces ben chantadas no idioma de Galicia: Tanxugueiras é en realidade o plural dun microtopónimo, que elevado á Palabra do Ano se converte tamén nunha icona da gran riqueza da lingua galega como pro-

ductora de nomes de lugar que conforman un patrimonio inmaterial único no mundo.

O topónimo Tanxugueira popularizado pola banda musical designa unhas terras da parroquia de Fumaces, no concello de Riós (Ourense), situadas nun alto e abeiradas. No territorio galego hai outro lugares co mesmo nome nos concellos de Catoira (Pontevedra), Dodro (A Coruña) e, de volta na provincia de Ourense, en Viana do Bolo, como se pode comprobar na aplicación Galicia Nomeada, a plataforma para a recolleita colaborativa da microtoponimia creada pola Real Academia Galega e a Xuntaj.

O vocábulo é unha alteración da forma etimolóxica Teixugueira, un zootopónimo común no país que sinala os sitios onde hai presenza ou abundancia de teixugos ou porco teixos, un tipo de mamífero de vida nocturna que se alimenta de bichocas, landras e plantas coma a do millo, polo que nalgúns lugares de Galicia se tocaba o corno polas noites para espantalo. Esta voz popular remite ao latín taxo, taxonis, o nome latino que recibía o ‘teixugo’.

O tráfico ferroviario estará interrompido do 10 de xaneiro ao 10 de maio



O tráfico ferroviario de viaxeiros entre Monforte de Lemos e Lugo verase interrompido entre o 10 de xaneiro e o 10 de maio de 2022 debido ás obras de mellora que Adif leva a cabo neste corredor. Renfe estableceu plans alternativos de transporte por estrada para os viaxeiros dos servizos afectados. Adif acometerá durante este período actuacións en infraestrutura (obras de drenaxe, pasos superiores, noiros de trincheiras e túneles) e en vía para permitir a electrificación do tramo entre Monforte de Lemos e Lugo Mercadorías, de 75 km de lonxitude.

A execución desta fase de obras é incompatible co tráfico ferroviario, xa que leva consigo o levante da vía e instalacións en varios quilómetros do percorrido para permitir o rebaixe e sostemento nos

túneles, ademais da adecuación das pontes existentes para a instalación da catenaria.

As actuacións de mellora que levan a cabo no tramo en servizo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo teñen como obxectivo cumprir os compromisos de Adif coa optimización das condicións de explotación comercial do traxecto en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e os tempos de viaxe.

Entre as principais actuacións previstas figuran a adaptación da infraestrutura ás novas condicións de explotación, o cambio de electrificación de 3 kV a 25 kV no tramo Ourense-Monforte de Lemos e a electrificación a 25 kV do tramo Monforte de Lemos-Lugo.

Por outra banda, acometerase tamén a renovación da cabeceira norte da estación de Monforte.

O Pleno provincial acordou pedir máis investimentos para os servizos ferroviarios

O Pleno provincial aprobou, a iniciativa do BNG, unha moción en demanda de melloras nos servizos ferroviarios que conectan as comarcas do Lugo co resto de Galiza.

Na exposición da iniciativa, o voceiro nacionalista, Efrén Castro, sinalou que “durante moitos anos os gobernos do PP e do PSOE en Madrid baleiraron e desmantelaron os servizos ferroviarios en Galiza facendo que un medio de transporte que debía ser preferente en comarcas como por exemplo a de Sarria quedase completamente relegado”.

En relación co agravio que sofre Galiza, e especialmente as comarcas de Lugo, o voceiro nacionalista Efrén Castro lembrou que Lugo é a única cidade do país que non ten conexión directa con Compostela, que en pleno século XXI continúa sen electrificar a vía tanto cara á Ourense

como cara á Coruña ou o desmantelamento da liña Ferrol-Ribadeo e dos servizos ferroviarios comarcas do Sur, con deficiencias de persoal e mantemento e unha merma continua de paradas e frecuencias.

A proposta, aprobada cos votos a favor de BNG e PSdeG e a abstención do PPdeG, esixe ao Goberno do Estado a electrificación completa e urxente da vía entre Lugo-Ourense e Lugo-A Coruña; a implantación da conexión directa entre Lugo e Compostela a través do estudo da variante entre Curtis e Ordes; a dotación dos recursos humanos, especialmente maquinistas, necesarios para garantir o servizo tanto nas conexións ferroviarias desde Lugo e desde Monforte como na liña Ferrol-Ribadeo; así como a ampliación das frecuencias para garantir un servizo de calidade.

Cinco municipios reciben axudas para contratar axentes de emprego

A Consellería de Emprego e Igualdade destina case 430.000 euros para apoiar o mantemento ou contratación de 45 axentes de emprego e desenvolvemento local noutros tantos concellos da provincia de Lugo. Cada entidade local conta con axuda para contratar un axente.

En canto á distribución por zonas, na comarca de Sarria apróbanse 44.400 euros para dispor de cinco en Sarria, Lánara, Triacastela, O Páramo e Samos. Na Mariña a Xunta inviste 103.400 euros para manter contratos en 10 concellos -Foz, Ribadeo, Mondoñedo, Cervo, Xove, Barreiros, Ourense, A Pontenova, O Vicedo e Lourenzá- e na Zona Sur destínanse 85.000 euros para contratar nove axentes en Monforte de Lemos, Chantada, Sober, Taboada, Pantón, Folgoso do Courel, Ribas de Sil, Carballedo e Bóveda.

Na comarca de Lugo o Goberno galego apoia con 78.200 euros sete contratacións en Lugo, Rábade, Friol, O Corgo, Guntín, Portomarín e Outeiro de Rei; mentres que na Terra Chá e Meira destínanse 62.800 euros para

contar con estes profesionais en sete municipios: Vilalba, Cospeito, Begonte, Riotorto, A Pastoriza, Abadín e Ribeira de Piquín.

No tocante á área da Montaña, os municipios de Pedrafita do Cebreiro, Baralla, Cervantes, Navia de Suarna, A Fonsagrada e As Nogais suman 48.800 euros para contratar cadanseus axentes. Por último, a Xunta contribúe con 7.100 euros a sufragar un contrato en Palas de Rei.

Este persoal ten como obxectivo principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividades empresariais. Os contratos asínanse por un ano e a Xunta colabora no financiamento dos custos salariais totais dos axentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Apoian tamén a contratación ou o mantemento de axentes en entidades sen ánimo de lucro para axudar a buscar emprego ás persoas que máis o precisan, como son os colectivos con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Os concellos de O Incio e O Páramo reciben unha axuda para instalar caudalímetros



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade achegou 40.000 euros a 11 concellos lucenses para a adquisición e instalación de contadores homologados do consumo de auga, co obxectivo de fomentar o emprego eficiente dos recursos hídricos e reducir a vulnerabilidade fronte a episodios de seca.

Financiáronse caudalímetros ultrasónicos ou electromagnéticos ou contadores mecánicos, e podían solicitarse tantos como resultaran precisos para medir o caudal en alta do sistema ou a existencia de perdas ou fugas.

A convocatoria fixaba axudas de ata o 100% do investimento, con lími-

tes máximos dependendo do volume de poboación. Así, na provincia subvencionouse o custo íntegro da actuación nos concellos de Ribeira de Piquín, Bóveda, Carballedo, Xermade, Ribadeo e Sober. Alcanzaron a contía máxima de 3.000 euros para municipios de menos de 2.000 habitantes os de Riotorto, Portomarín, O Incio e O Páramo; e Pantón recibiu 6.000 euros, o máximo previsto para concellos de entre 2.000 e 5.000 habitantes.

O obxectivo destas axudas é que se poidan xestionar coa maior dilixencia, eficacia e eficiencia posibles as competencias na xestión dos recursos hídricos.

As comarcas manifestáronse contra os novos parques eólicos

Galiza mobilizouse a prol das montañas e do rural galego e en contra da “actual invasión eólica que ameaza o noso territorio”. Mais de 5000 persoas participaron nas 22 mobilizacións convocadas en toda Galiza pola coordinadora Eólica Así Non para este Día mundial das Montañas co gallo de reivindicar diante das administracións públicas a preservación destes ecosistemas fronte a actual vaga eólica, baixo o lema Na defensa das montañas. Eólica Así Non.

Como xa acontecera o pasado 5 de xuño na Praza do Obardeiro de Santiago de Compostela, a resposta da sociedade galega foi contundente. A multitude congregada desta volta en diferentes localidades do país volveu reclamar á Xunta a paralización urxente, real e efectiva dos case 300 parques eólicos que se atopan actualmente en tramitación e que se prevén instalar. Máis de 170 entidades que fan parte da coordinadora, entre colectivos e plataformas veciñais, de afectados/as, ecoloxistas, culturais, sociais ou políticas, rexeitan a “falaz e inútil moratoria anunciada polo goberno de Feijóo, por



Concentración en Lugo contra os eólicos

non ter ningún efecto sobre os actuais proxectos en tramitación e que só pretende confundir a opinión pública e desmobilizar a sociedade. Porén, o goberno da Xunta non conseguiu desmotivarnos. Agora máis que nunca reivindicamos a derogación do desfasado Plan eólico de Galiza e das leis de depredación da Xunta (Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais e Lei de simplificación administrativa) de cara a deseñar unha nova planificación eólica, participada pola sociedade galega, xusta coas persoas e respectuosa

co rural e co medio ambiente galego. Doutro xeito, estaríamos deixando en mans do oligopolio eléctrico o futuro do noso territorio”. Desde a Plataforma afirman que o éxito desta gran mobilización “debe obrigar á Xunta a reconsiderar un cambio no modelo de implantación eólica e, por extensión, un cambio de modelo enerxético, no que se aposte polas enerxías renovábeis, pero non co fin de satisfacer as ansias especulativas do lobby enerxético e á costa de sacrificar o noso territorio, senón pensando no interese xeral.

paradela

O Concello estrea un Punto Limpo Móbil promocionado con charlas

A Xunta de Galicia financiou con 66.300 euros a posta en funcionamento dun punto limpo móbil para mellorar a xestión de residuos no municipio de Paradela.

Este novo equipamento foi adquirido polo Concello con cargo á orde de axudas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para municipios de menos de 3.000 habitantes.

Co novo servizo mellórase e amplíase a xestión de residuos especiais de competencia municipal, co fin de favorecer a súa axeitada recollida, clasificación e preparación para a reutilización. De xeito paralelo, tamén se evita a proliferación de puntos de vertido incontrolado nas contornas e espazos naturais.

Esta convocatoria de axudas da Xunta cobre o 100% do custo da compra do vehículo, cun máximo de 70.000 euros para unha solicitude individual e de ata 100.000 euros para unha agrupación de varios concellos.

Os beneficiarios teñen a posibilidade de escoller entre catro modelos de vehículos subvencionables: un contedor/caixa metálica de gran volume



—se a entidade local dispón de camión adaptado con equipo de gancho para a súa carga e traslado—; un remolque e contedor metálico de gran volume —cando o concello dispón dun camión adaptado para a súa carga e traslado—; un camión con caixa e chasis; ou unha furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos.

Os equipos móbiles veñen a completar a rede autonómica de puntos limpos, co fin de que toda a cidadanía poida ter acceso ao servizo.

O Concello organizou unha xornada informativa sobre o novo servizo

municipal.

O punto limpo móbil é un contedor compartimentado no que é posible depositar diferentes tipos de residuos, como pequenos aparatos eléctricos, pilas, lámpadas, etc. O obxectivo deste tipo de contedores é axudar a destinar estes elementos para a súa reutilización e favorecer a súa reciclaxe ou correcta eliminación.

Os puntos limpos móbiles achegan ao cidadán os medios precisos para impedir que determinados tipos de residuos acaben en contedores inadecuados.

Un plan permite ampliar o solo industrial a 8000 metros cadrados

A estrada de Sarria e Pedrafito do Cebreiro (LU-633) é o escenario escollido no plan especial do Concello de Triacastela para desenvolver 8.100 metros cadrados de solo industrial.

Esta iniciativa nace a través do desexo de expandir o seu negocio dun empresario local, que precisa maior terreo de carácter industrial e senón, tería que trasladarse a outro concello. Desta forma estase a motivar e atraer novos modelos de negocio e a reter os xa existentes.

O plan recolle unha superficie total de 14.033 metros cadrados, destes, 8.104 serán de uso industrial, 2.324 metros serán destinados a zonas verdes, 650 metros para infraestruturas de servizos e 2.954 para comunicacións. Estará situado xunta á intersección da estrada LU-633 e a vía de acceso a Vilavella. Unha vez se aprobe o plan e se realice a obra, prevese que o ac-



Entrada a Triacastela

ceso sexa dende a vía de Vilavella. Ademais, nesta zona cóntase con tendido de baixa tensión e posúe rede pública de abastecemento de auga. Na construción do polígono tamén se contempla a instalación dun sistema de depuración. Este plan, tivo un custo de 17.545 euros provenientes do plan único da Deputación de Lugo e xa foi remitido á consellería de medio am-

biente, territorio e vivenda para a súa avaliación ambiental estratéxica. Se esta administración aproba o plan, levarase a pleno para a súa aprobación e despois procederase á recollida dos documentos e informes correspondentes. Como paso final antes de materializar o proxecto e desenvolvelo terá que volverse a aprobar nunha sesión plenaria.

Reparten calendarios e xogos de mesa de balde para a veciñanza



Os calendarios de Triacastela

Durante os vindeiros días o Concello de Triacastela repartirá aos veciños os novos calendarios do ano 2022.

Esta iniciativa de creación de calendarios anuais xa é tradición no Concello que ten por costume realizalo ano tras ano facilitando así a organización dos seus veciños.

Ademais, este ano tamén se agasallará ás familias un xogo de mesa que ten como protagonista unha imaxe do Concello. Esta novidade débese a época que estamos a vivir coa pandemia da Covid-19. Con esta si-

tuación son moitas as reunións que se celebran nos fogares e, ter ferramentas para pasar un bo rato, é fundamental para gozar do tempo libre con amigos e familia.

O parchís e o tres en raia son dous xogos de mesa tradicionais que non pasan de moda polo que servirán para xogar entre diferentes xeracións fomentando as relacións entre os veciños. No tres en raia pódense ver diferentes imaxes e puntos turísticos do Concello promovendo e difundido o valor e o patrimonio da zona.

samos

Adrián Folgueira dirixe as obras do castro de Formigueiros

O arqueólogo Adrián Folgueira dirixe as obras que se están a levar a cabo no castro de Formigueiros de Samos. Estas tarefas inclúen o desbroce, a sinalización e a documentación do castro. A intervención, financiada pola Xunta, conta cun orzamento de 13.000 euros.

O desbroce levouse a cabo nunha superficie de cinco hectáreas despois de que a maleza deixara inaccesible este castro. O arqueólogo encargouse de realizar un plan de mantemento e limpeza que se debería levar a cabo nesta zona de forma anual, para mantelo en condicións óptimas que favorezan a posta en valor desta área arqueolóxica.

Tras os traballos de desbroce, realizouse a ortofoto coa axuda dun dron. Tamén se levaron a cabo os traballos de documentación que servirán para a instalación, próxima en datas, de letreiros de sinalización e paneis de información que acheguen os datos de interese do castro para aquelas persoas que o visiten de maneira autónoma.

Trala recente visita dunha res-



tauradora, que se encargou de inspeccionar as estruturas escavadas, chegouse á conclusión de que se debe actuar con brevidade e realizar unhas tarefas de consolidación que aseguren a zona e a manteñan nunhas condicións óptimas para unha boa e lonxeva duración deste castro no tempo.

CASTRO FORMIGUEIROS. É un poboado que data na Idade de Ferro, situado e fortificado a 785 m por riba do nivel do mar. Está moi próximo ao lugar de Airexa, na parroquia do mesmo nome, na provincia de Lugo.

Este castro habitouse como mínimo ata a época das invasións xermánicas e do desmoronamento do imperio romano, presentando así varias peculiaridades, entre as que destacan catro murallas defensivas cos seus fosos. Ademais, nalgunha das entradas, presenta pedras incadas contra cabalería. Éste castro é considerado como un dos máis monumentais de Galicia e situado no extremo occidental da serra entre os concellos do Incio e Samos, sorprende pola súa extensión e complexidade das defensas para tan reducida zona que estaba habitada.

O Concello foi un dos 44 monumentos iluminados no programa Acende o Xacobeo



O Concello de Triacastela contou coa proxección dunha frecha amarela e o logo do Xacobeo 2021-2022 sobre a fachada da casa consistorial, como parte da campaña Acende o Xacobeo, que iluminou este nadal 52 edificios galegos significativos.

A proxección estivo ata o 7 de xaneiro co fin de promover e poñer en valor o patrimonio do camiño de Santiago e as diferentes rutas existentes.

Esta segunda edición de Acende o Xacobeo contará tamén cun concurso fotográfico. Para unha

maior difusión da campaña as redes sociais abren un certame que anima aos cidadáns a compartir a iniciativa coa publicación dunha fotografía na que se vexa a persoas cos monumentos iluminados empregando o cancelo #AcendeOXacobeo ou #EnciendeIXacobeo, etiquetando tamén ás redes sociais do Camiño de Santiago.

O concurso pechou o 7 de xaneiro. Haberá tres gañadores que recibirán unha estancia para dúas persoas nun hotel-balneario de Galicia durante unha fin de semana.

o páramo

O colexio promociona nos seus xantares os produtos locais

A Consellería do Medio Rural achegou produtos agroalimentarios galegos aos colexios de Riotorto e O Páramo para elaborar os seus menús de Nadal, unha iniciativa que se enmarca na rede Mercaproximidade e se leva a cabo estes días en oito centros da comunidade.

Participou nesta iniciativa o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Plurilingüe de Riotorto, onde os 34 alumnos e alumnas que utilizan o servizo do comedor puideron degustar un menú a base de fabas, tenreira, patacas, queixos, iogures e mel. Así mesmo, o CEIP Plurilingüe do Páramo ofreceu aos 50 alumnos e alumnas do comedor un menú similar, neste caso con carne de cordeiro. Todos os produtos destacan pola súa calidade, ao acollerse a distintivos como as indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega, Mel de Galicia e Faba de Lourenzá ou a denominación de orixe protexida Queixo Tetilla.

Estas xornadas están promovidas en colaboración cos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e perseguen un dobre obxectivo; por unha banda, apoiar aos pequenos e medianos produtores galegos, e por outra, promover unha alimentación infantil saudable. Os propios centros elixiron os produtos alimentarios de entre a oferta de Mercaproximidade, a canle alternativa de comercialización habilitada pola Xunta ao inicio da emerxencia sanitaria para garantir que as producións do sector primario galego atopaban



O CEIP Plurilingüe do Páramo

saída nas principais cadeas de distribución.

En total, a Xunta repartiu nos centros escolares máis de 600 quilos de produtos agroalimentarios destinados a preto de 1.650 rapaces e rapazas. En concreto, distribuíu 348 kg de patacas, 81 kg de fabas, 85 kg de carne de tenreira, 600 hamburguesas e 93 quilos de carne de porco celta e 40 kg de carne de cordeiro. Tamén 1.210 iogures, 52 queixos e unha decena de quilos de mel.

COME LOCAL. Os xantares de Nadal nos colexios ao abeiro de Mercaproximidade teñen lugar unha vez clausurada a II edición da campaña Come local, que promoveu -tamén no marco desta rede- o consumo de menús especiais elaborados con producións acollidas a indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas nunha vintena de comedores escolares da nosa comunidade.

Cabe lembrar que dende o comezo da emerxencia sanitaria pola covid-19, a Xunta tamén doou produtos como patacas, queixos, mel, carne de tenreira, de porco celta ou de cordeiro a bancos de alimentos ou cociñas económicas, para atender os colectivos máis desfavorecidos. Así mesmo, cedéronse alimentos aos hospitais, para que puidesen confeccionar os seus menús con producións de proximidade e de calidade diferenciada. No marco da canle Mercaproximidade, que tiña como principal obxectivo dar saída aos produtos agroalimentarios galegos nos establecementos das principais cadeas de distribución que operan en Galicia, tamén se desenvolveron campañas nas redes sociais baixo os cancelos #EuVoudeSuperfeirón e #FeirónNaCasa, para impulsar a compra de produtos locais de calidade, así como o seu emprego para a elaboración de receitas gastronómicas.

Nenos do centro escolar recibiron este Nadal a visita do Apalpador

O CEIP Plurilingüe recibiu nesta semana a visita de "As viaxes do apalpador". Esta actividade organizada en colaboración co Concello e a Asociación socio-educativa Antonio Gandoy pretende achegar aos nenos e nenas da zona a figura do apalpador e o coñecemento da súa historia a través dos contos.

O Apalpador é unha figura propia da tradición galega. Moitos dos nenos, na actualidade, descoñecen a súa existencia e as lendas que corren arredor do mesmo, con este tipo de iniciativas estase a difundir a cultura galega e ponse en valor as tradicións da terra.



O Muvicla deu valor e visibilidade ao agro



Un momento da xornada celebrada no Muvicla

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, participou na xornada *Alternativas ao uso do petróleo en aplicacións agrícolas* organizada polo Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria (Muvicla) nas instalacións de Casa Vázquez, en Trasluste (Láncara), grazas á colaboración da institución provincial cunha achega de máis de 3.200 euros.

Rivera Capón destacou a importancia do sector primario para a provincia e sinalou que as actividades agrogandeiras "forman parte da nosa esencia, do que somos, e supoñen unha das máis importantes oportunidades para impulsar o

desenvolvemento social e económico, sobre todo do noso rural. E por iso este tipo de iniciativas cobran tanto sentido".

O deputado agradeceu e puxo en valor o traballo de Muvicla pola organización da cita e tamén por "manter un proxecto tan interesante, que pon en valor o noso agro e dá gran visibilidade a Láncara" e sinalou que "nesta senda teredes sempre a man da Deputación tendida, porque ademais das medidas concretas que podamos poñer en marcha e que contan cunha partida moi importante nos nosos orzamentos, cremos que é moi importante traballar preto das entidades; sumando esforzos".

Os terreos da Antiga Estación xa son patrimonio lançarés



Acto de entrega das chaves da estación

O Concello recibiu as chaves dos terreos da Antiga Estación do Tren de Pobra de San Xiao. Estes terreos foron expropiados a Adif por 111.600 euros. O acto de entrega tivo lugar no vello edificio coa sinatura da acta de ocupación e pago da compra.

Desta maneira, o Concello adquiriu 21.000 metros cadrados, nos que se atopan a antiga estación de ferrocarril, o almacén e os terreos que hai ao redor, que van dende un paso de nivel a outro.

A finalidade da compra deste espazo é reformar as instalacións e

facer unha mellora importante nos accesos e conexións co centro urbano da Pobra de San Xiao.

O alcalde informou con anterioridade de que xa existe un plan especial, onde se contempla un espazo de zonas verdes, así como unha rotonda que conecte a estrada LU-546 coa rúa Benigno Quiroga e a rehabilitación da estación e do almacén de ferrocarril para empregalo, entre outras cuestións, para actividades de carácter cultural. Esta operación é fundamental para adecentar uns terreos que se atopan en estado de abandono.

“Gústame o contacto do día a día cos cidadáns e estar coa xente”

Darío Piñeiro López é o alcalde do Concello de Láncara

Láncara é un dos municipios galegos incluídos na comarca de Sarria e a súa capital municipal é a Pobra de San Xiao.

Conta con 175 entidades de poboación distribuídas en 26 parroquias. Na actualidade conta con 2.551 habitantes censados, 1.246 mulleres e 1.305 homes (datos do INE).

Darío Antonio Piñeiro López é o alcalde deste municipio dende o ano 2015.

Cales son os principais atractivos do Concello?

Eu destacaría o tema de natureza e o tema histórico. Os monumentos históricos como o Punto de Carracedo, o Pazo de Láncara, o Pazo de Pobra de San Xiao... Estes son os puntos máis destacados do Concello. Por outra banda, tamén contamos co Río Neira e as áreas recreativas. A maiores, outra cousa que ten Láncara é que está moi ben comunicada. A Pobra de San Xiao está moi preto de Sarria e moi preto de Lugo.

Fai tempo mencionou a necesidade de fomentar o turismo do Concello sendo este un tema pendente. Fíxose algunha actuación para promover este sector e atraer a turistas? Tivo resultado?

Estamos intentando traballar niso. A principios do ano 2022 sairá publicada unha guía turística.

Vendo a controversia que está tendo o AVE e as conexións de Lugo coas demais provincias de Galicia que opinión ten vostede?

Para Láncara foi unha pena quedarse sen tren, eu sempre pensei que tiña que ter pasado por Láncara. Quizais non era o sitio ideal pasar polo casco urbano da Pobra de San Xiao pero tiña que pasar por Láncara. Foi unha pena que os nosos dirixentes deixaran perder

eso e, se houbera estado no mandato, houbera loitado por eso, para que pasara por Láncara. Pero unha vez que a perdemos procedemos á compra dos terreos e o aproveitamento dos mesmos. Con Madrid e co tema da alta velocidade, a verdade é que quedamos un pouco descolgados.

Que aspectos considera que se deben de mellorar na vila?

Vexo moi mala cobertura de internet e hai que melloralas tanto no medio da capitalidade como no medio rural. É unha das cousas pola que nos chama a xente e que xera máis problemas. Sobre todo, na xente nova que quere unha boa conexión xa que, é necesario hoxe en día ter unha boa rede de internet.

Tamén vexo preciso ter boas comunicacións e bos servizos públicos como os saneamentos ou a auga, dous puntos fundamentais nos concellos. Considero que é obrigación dun Concello ofrecer os mellores servizos que faciliten á vida aos seus veciños.

Estes servizos non están mal pero se poden mellorar, sobre todo o tema de internet que é o máis importante.

Que solucións considera que podería haber?

Ten que ser o goberno central e o goberno autonómico o que ten que dar solucións. Os concellos contan con pouca marxe económica para facer as infraestruturas necesarias para iso. Polo tanto, penso que as administracións centrais e autonómicas deberían de poñerse de acordo para dar os medios necesarios que consigan poñer solución a estes problemas.

Que plans de futuro hai para Láncara? Novos proxectos?

Vamos pedir fondos europeos, te-

mos un proxecto para a petición que é bastante ambiciosa e está moi avanzada. Somos dos poucos concellos que temos avanzado este tema. E vamos intentar que estes fondos europeos vaian destinados sobre todo á antiga vía do tren.

Cal foi a actuación que se levou a cabo no Concello coa que sentiu máis satisfacción persoal?

Pois neste momento a actuación máis importante para Láncara é o tema Adif porque son 30.000 m2 de terreo, as edificacións e é un aumento de patrimonio que nunca na historia do Concello se fixo. O pasado 27 de decembro firmouse a ocupación dos terreos. É a actuación que me crea máis satisfacción porque é algo histórico.

Como alcalde, cal foi o maior reto ao que se tivo que afrontar?

O día a día co tema da Covid foi unha situación complicada. Chegabas pola mañá e non sabías que había que facer, estabamos un pouco perdidos. Non había unha comunicación coas administracións públicas fluída, non che daban información, era moi complicado. Era un tema descoñecido no que ninguén sabía por onde tirar. Un tema dos mais complicados que pasamos.

Cal é a súa principal motivación para ser alcalde?

Gústame estar coa xente e o contacto do día a día cos cidadáns. Tanto persoas maiores como novas, sempre me sentín moi a gusto neste senso.

Que ten Láncara para facelo un bo concello para vivir?

Depende do que queira a persoa, pero si quere estar cerca de Lugo en Láncara está cerca de Lugo, porque a Pobra de San Xiao está



moi cerquiña da capital de provincia. Está cerca de Sarria tamén e ten unha autovía e un corredor preto. Está ben comunicada. E, despois, se busca tranquilidade estamos no medio rural que está ben dotado de comunicacións, sobre todo terrestres. Ten un entorno paisaxístico precioso, tendo de todo. É dicir, temos montaña, vales... De 1900 metros de altitude pasamos a 400. Depende o que queira pero aquí ten de todo.

Como lle gustaría que fose Láncara nun futuro?

Gustaríame que as aldeas tiveran vida, que non morreran, porque están morrendo. Que volvera a ter vida e ter xente nova nas aldeas que lle proporcionen vitalidade. Actualmente, vense tristes, non tes con que falar, non tes a quen preguntarlle nada nunha aldea por iso, me gustaría que volvera a haber vida nas aldeas. Simplemente que houbera xente e vida.

Cales son os propósitos do alcalde con Láncara de cara ao 2022?

Pois rematar o tema de Adif coa axuda dos Fondos Europeos, intentar conseguir cobertura de internet para todo o medio rural, intentar levar á maioría das aldeas augas dos servizos municipais.

Ten algunha actividade programada polo Nadal ou datas posteriores?

Estamos a vivir un momento complicado no que consideramos que a prudencia é o mellor. Dende o equipo de goberno pensamos que é mellor non facer grandes actividades onde haxa moita xente xunta e priorizamos a prudencia nestes momentos.

Que destacaría do seu mandato?

Cando eu cheguei en 2015, collemos un concello con débeda que vai quedar ao final da lexislatura toda paga. Collemos un Concello cunha débeda que sempre critiquei. Esta veu dun crédito para tapar “baches” e me parece que non se pode pedir un crédito para tapar “baches”, podes facer un crédito para facer obras importantes pero non para tapar “baches”, porque logo ao final tes os “baches” sen tapar e a débeda sen pagar. Ademais, tampouco había ningún tipo de maquinaria e fixemos un parque de maquinaria. Moitas das pistas estaban sen arranxar, non había nin un metro cadrado de aglomerado en quente e fixemos aglomerado en quente. E considero que se fixo moito traballo en Láncara.

A veces fago un balance mental e estou satisfeito, parece imposible que se fixera todo o que se fixo no Concello. Teño que agradecerlle nese sentido aos concelleiros da corporación o traballo feito xa que sempre confiaron moito en min e me brindaron moito apoio. Por iso, lles teño moito que agradecer xa que é un factor moi importante. Penso que é fundamental que o alcalde poida contar cuns compañeiros que o apoien e que saiba que pode tomar decisións sen ter marxe de tempo para preguntar e sentirse respaldado na elección.



Os terreos do tren, que se incorporan á vila



A residencia do Incio gaña o concurso de postais da Fundación San Rosendo



A Fundación San Rosendo organizou outro ano máis un concurso de postais. Nesta ocasión baixo o título de *Una nueva Navidad*. O obxectivo de dito certame era o de compartir mensaxes de esperanza de cara ao novo ano a pesar da distancia.

A postal gañadora foi a presentada pola residencia do Incio para persoas con discapacidade, polo que se converterá na felicitación corporativa da Fundación.

En total, presentáronse máis de 150 postais á que era a IX edición do certame. Esta iniciativa está promovida pola Fundación San Rosendo e La Región e, conta co patrocinio de Inditex.

O concurso naceu como unha actividade que fomentaba a participación das familias nas actividades dos centros, convidando a que realizaran unha postal. Este ano, por mor do virus, os usuarios tiñan que reflectir nas súas postais como se está a vivir a nova normalidade das residencias e a conexión coas familias incluíndo unha mensaxe de ánimo.

A elaboración de postais de maneira manual supón enormes beneficios para os maiores, xa que axudan na estimulación cognitiva, mellora a psicomotricidade, fomenta a socialización, apoia a elasticidade e mobilidade que mingua co paso dos anos.

Os nenos do CEIP Ricardo Gasset adiantaron as 12 badaladas



Os pequenos, durante o acto das badaladas

Os nenos do CEIP Ricardo Gasset do Incio celebraron unha iniciativa chea de maxia, orixinalidade e tradición.

Desprazáronse ata a casa consistorial para celebrar as badaladas de Fin de Ano no mediodía. A cita organizada cuns pratos de percusión e gusanitos para substituír as uvas foi todo un éxito e, serviu como adestramento para o que acontecerá o derradeiro día do ano.

Este tipo de actividades axudan a facer parroquia e veciñanza, unha iniciativa que permite compartir un dos momentos máis esperados do ano coa xente coa que comparten a meirande parte del.

Esta cita foi aproveitada polo Concello para entregar aos nenos e nenas dun agasallo de Nadal que tamén farán chegar aos veciños do Incio que acoden ao colexio a Oural.

O alumnado do obradoiro dual adecenta o parque biosaudable

O alumnado do obradoiro dual de emprego Bóveda, O Incio e A Pobra do Brollón realizou durante estes días traballos de acondicionamento e poda no parque biosaudable e na contorna do Concello do Incio.

“Desta forma estase a coidar a contorna do lugar e facer que o espazo sexa máis agradable. Estas actuacións serven para profesionalizar aos estudantes que gañan experiencia realizando traballos de campo e introdúcense no mundo laboral”, dende o obradoiro.

O Concello promotor deste obradoiro é o de Bóveda, que asinou convenio coa Pobra do Brollón e O Incio, conforme ao previsto na Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula os requisitos para a selección do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego.

Os alumnos e alumnas estanse for-



mando en dúas especialidades formativas: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, que se realiza na Pobra do Brollón e, por outro lado, instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.

AUGA. O Concello vén de executar as obras de abastecemento ao núcleo de Santa Cruz de Oural, unha obra proxectada en 50.000 € e financiada nun 90% por Augas de Galicia e

fondos FEDER «Unha maneira de facer Europa», como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19. Esta axuda encádrase na convocatoria de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixo REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e que se convocan para o ano 2021 (procedemento AU300A).

A Casa Escola e a pista, principais eixos do Plan Hurbe municipal



Reunión do alcalde co presidente da Xunta

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, analizou co alcalde do Incio, Héctor Manuel Corujo, o proxecto do arquitecto Manuel Gallejo Jorredo para o Plan Hurbe do Concello.

Durante a xuntanza, abordaron as dúas primeiras fases da iniciativa, que suporían a rehabilitación da Casa Escola, cun orzamento estimado de 132.000 euros e, a adaptación da pista polideportiva, onde se levaría a cabo o cambio de cuberta, o acondicionamento acústico con madeira, plantación de árbores e ordenación de gradás.

No eido urbanístico, o titular do Goberno galego avanzou a intención de

aprobar o PXOM do concello no primeiro trimestre de 2022.

A maiores, Feijóo trasladoulle ao alcalde que se estudará o acondicionamento da contorna da igrexa de Santa Cruz, declarada BIC en abril deste ano, e a previsión de ter a finais de 2021 o informe para a novo proxecto de restauración da igrexa de Trascastro.

Ademais, este concello vén de recibir unha axuda coa que se levou a cabo a casa niño con 5 prazas para atender a nenos de 0 a 3 anos. O Goberno galego achega 15.000 euros para investimento inicial e acondicionamento do local e 20.000 euros anuais para mantemento.

Éxito de participación no concurso de decoración de Nadal

O certame convocado polo Concello do Incio foi un éxito e contou cun total de 16 participacións de diferentes parroquias. A maioría, pertencen A cruz do Incio, habendo participantes tamén en Vila de Mouros, Dontide, Barreiros e Hospital.

Este concurso consistía na decoración de vivendas, fachadas e balcóns polo Nadal, coa finalidade de promover e contribuír a crear un ambiente festivo no Concello nesta datas.

Tal e como establecían as bases, poderían participar todas aquelas persoas que tiveran vivendas situadas no ámbito territorial do Concello do Incio, podendo inscribirse unha persoa maior de idade por vivenda.

A temática de decoración debía estar relacionada exclusivamente co ambiente propio das Festas do Nadal. A decoración manterase visible dende a vía pública durante o período do 21 de decembro de 2021 ao 6 de xaneiro de 2022.

A valoración das decoracións será realizada por un xurado formado pola directora do colexio Ricardo e Gasset, un administrativo do Concello e a monitora do obradoiro de emprego. Haberá tres premios para os gañadores: Un 1º premio de 150 euros; un 2º premio de 100 euros; e un 3º premio de 50 euros.

“Cantar comezou sendo un hobby e acabou sendo o meu traballo”

Lucía Pérez Vizcaíno, cantante galega con orixes no Incio

Lucía Pérez Vizcaíno é unha artista lucense con orixe en Goó, O Incio. Dende pequena estivo moi vinculada á música e profesionalizouse estudando maxisterio musical na Universidade de Oviedo. Posteriormente realizou estudos en Pedagogía.

A súa traxectoria musical na televisión deu comezo no ano 2002 despois de gañar o certame da TVG Canteira de Cantareiros do programa Luar, que estaba dirixido a cantantes afeccionados. A xove permaneceu sete semanas sen que ningún dos demais participantes lograsen superala en votacións. Tras este éxito, publicou o seu primeiro álbum Amores y amores que conseguiu o certificado co Disco de ouro galego ao alcanzar unha cifra de vendas proporcional ao disco de ouro nacional.

A súa carreira continuou con gran éxito tamén nos países latinoamericanos, onde participou na edición de 2006 do Festival da Canción de Viña del Mar (en Chile) onde quedou en segunda posición da Competencia Internacional, acadando gran repercusión nos medios de comunicación deste país.

Anos despois, en febreiro do 2011, superou dúas semifinais de Destino Eurovisión e foi elixida polo público para representar a España no Festival da Canción de Eurovisión 2011. Ata o día de hoxe, Lucía Pérez segue facendo xiras e sacando cancións, o seu proxecto máis recente é o último sinxelo *Na miña pel*.

Este último tema que conta coa colaboración do seu irmán Xabier Vizcaíno conta cunha imaxe innovadora e diferente a que o público está acostumado a ver, chega cun propósito de verdade, onde esconde os seus segredos.

Onde comezou a súa vinculación coa música?

A vinculación coa música comezou dende que teño uso de razón por-

que levo cantando toda a vida, nacín cantando. En realidade, comezou sendo un hobby, cantaba na casa, en concursos, karaokes, sempre co apoio dos meus pais, polo que empezou dunha forma indirecta. Un hobby que finalmente se converteu na miña profesión.

Con cantos anos decidiu que sería a súa profesión?

Non hai uns anos en concreto. Isto foi de maneira gradual e progresiva. Ese hobby vai ocupando máis tempo da túa vida e é cando te das conta de que realmente é a tua profesión. Si que é verdade que podería dicir que foi cando gravei o primeiro ou o segundo disco, pero non hai unha idade concreta que eu decida ser artista e ser cantante. Ven pouco a pouco.

É difícil adicarse a música a día de hoxe?

Como calquera outra profesión ten as súas complexidades que moita xente non coñece. Hai que traballar moito día a día non só existe o que se ve nos concertos ou tv. Hoxe en día, coas redes sociais hai moita competencia e hai xente sacando cousas interesantes constantemente o que che obriga a estar á última. Traballando día a día.

Cre que afecta en algo que a súa música sexa en galego?

A priori parece que si que o galego pode ser unha barreira pero, ao final estamos xogando con música que crea emocións e sentimentos polo que se pode chegar ao público independentemente da lingua. Cando canto unha canción en galego gusta e recibo que á xente tamén que a senten e felicítanme polo bonita que é e todo o que se pode chegar a transmitir. Ao fin e ao cabo a música chega ou non chega. Como o caso das Tanxungueiras que están en pleno auxe na actualidade en todo o

territorio español. A lingua é o noso patrimonio e é a nosa obriga apoiálo. Nós sendo membros de transmisión da cultura temos que ter en conta que este é un elemento importante.

Que é o que máis disfruta da súa profesión?

De todo, a parte máis “engorrosa” é a que non se ve, a de preparación, de oficina... O que máis se disfruta é cando un sobe ao escenario e hai xente esperando para verte e aplaudirte e dis “guau” que afortunada son.

Que lle aconsellaría a unha persoa que se quere adicar a música?

Primeiro que faga as cousas que lle saen do corazón e que loite polos seus sonhos. A única vida que temos hai que aproveitala ao máximo e ser felices. E, se a música é o camiño para que un sexa feliz hai que xogar con todas as bazas. Facer as cousas co corazón.

Coas redes sociais hai moita competencia e hai xente sacando cousas interesantes constantemente, o que che obriga a estar á última

Por onde se empeza para facer da música unha forma de gañarse a vida?

Empezas crendo no que fas. Eso é o primeiro, se non cres no que fas difícilmente poderás chegar á xente.

Considera que a sorte é algo esencial para chegar máis lonxe ou hai que ter impulsos externos?

A sorte é outro factor que está aí. A sorte chega cando tiveches outros elementos presentes. O de Eurovisión foi un factor de sorte despois de moitos anos que levaba traballando. Chegaba nun momento da miña vida que foi unha recompensa ao traballo feito que axuda. A sorte ven respaldada por unha bagaxe anterior.

Cal foi o momento máis satisfactorio da súa carreira?

Eurovisión, agora despois de dez anos que pasaron sempre penso que foi un dos momentos máis importantes tanto persoais, como profesionais da miña carreira. Malia que subirse a un escenario independentemente do seu tamaño sempre é gratificante.



Ten algún soño por cumprir?

Home por suposto, porque espero que me quede moita vida por vivir. Nese caso sempre estamos aprendendo, coñecendo á xente e ao final a vida vaiche levando por uns roteiros ou por outros e, espero que haxa moito que cumprir. O maior soño seguir estando aí.

Cal é o obxectivo de cara ao 2022?

Sobre todo a saúde da miña familia, da miña xente e a miña tamén. Pero que haxa moitos concertos, a pesar de que este ano nos fomos desquitando pouco a pouco. Que volvamos a normalidade. Que a xente disfrute como hai que disfrutar e os artistas teñamos alimento como público e concertos.

Fai poucos días estreou *Na miña pel*, como foi a acollida?

Estamos realmente felices porque era un novo aire que precisaba facer. Está tendo moi boa acollida e comentarios moi bonitos. Son súper regalos de Nadal que estou recibindo.

As letras das súas cancións están inspiradas en experiencias propias?

A maioría das cancións non son autoría miña, si que teño algunhas coproducións nas que teño que ver bastante. O que é a letra de “Na miña pel” foi un encargo propiamente dito xa que lle encarguei que fose desa maneira ao meu irmán Xabier Vizcaíno. Moitas cancións poden ser reflexo meu pero outras moitas non. Non todo o que canto o vivín. Si que intento meterme na experiencia para poder transmitirlo da mellor forma.

Cando poderemos escoitar o disco enteiro?

Espero que o disco enteiro estea de cara ao verán do 2022 despois do sinxelo, estamos preparando outro e argallando nel. Confiamos en que saia na primavera e, despois o disco no verán. Pero vamos ir despaciño disfrutando de todo o que poidamos facer.

Que significou participar en Eurovisión?

Foi un regalo porque a pesar de que xa pasaron 10 anos e eu era moi nova, levaba o meu camiño andado

e era un soño de pequena. De nena sempre vía Eurovisión coa miña nai facendo anotacións. Finalmente, estar nun escenario desa categoría, un dos maiores espectáculos musicais a nivel mundial, no que hai moi poucos artistas que poidan vivir esa experiencia, foi un soño.

Ten algún destino para actuar que sexa o seu favorito?

Non hai ningún destino favorito. Pero sempre cantarlle aos galegos que están fora son concertos máis emotivos, porque todo é máis profundo. A xente coas bágoas nos ollos emocionándose é moi bonito. Aínda que todos son especiais e bonitos.

Como é a acollida das cancións en galego nos países latinoamericanos?

Sempre é unha sorpresa porque, efectivamente, cando pensamos que o idioma é un hándicap non é así. Cantar Lela, Adiós ríos, adiós fontes é súper emocionante e, a xente encántalle escoitalo. Sempre é moi emocionante e chega igualmente. Esa é a esencia da música.

Conta con varias colaboracións con outros artistas hai algunha que lle fixera especial ilusión?

Tiven a sorte de cantar con artistas aos que admiro da televisión como Sergio Dalma, Paloma San Basilio, Chenoa que colaborou nunha canción a dúo nun dos meus discos que captou a moita xente. O que podemos dicir é que este tipo de colaboracións son regalos que che vai dando á vida porque é xente que eu admiro. Admiro a todo artista que estea pa aguantar no tempo. Foi moi bonito cantar cancións con artistas que son un referente e admiro.

Con que artista lle gustaría colaborar nun futuro?

Podería dicir moitos pero Luz Casal. É complicado dicir porque encantárame con moitos artistas de grupos. Con Natalia Lafourcade tamén, diría moitos.

Novos proxectos de cara ao 2022?

Agora no Nadal estiven bastante presente na TVG xa que gravei bastantes programas tanto musicais como de preguntas.



Actuación de Lucía Pérez

DEPUTACIÓN

Aprobado o Plan Único 2022

O último Pleno do ano deu para adiante á proposta do equipo de Goberno, que contempla un investimento de 21,5 millóns

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de final de ano as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A proposta foi aprobada cos votos a favor dos grupos do PSdeG e do BNG, e coa abstención do Partido Popular.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de dar este paso no ano anterior ao período de vixencia do plan porque así as entidades locais “poden planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos”.

José Tomé destacou así mesmo que dende o inicio do mandato “incrementamos a dotación económica do Plan Único de 21 a 21,5M€”, a ferramenta “máis importante que ten a Deputación para a colaboración cos concellos” e, ademais, “cada ano melloramos as condicións para que sexa máis útil”, subliñou o presidente, destacando neste sentido que no 2022, como novidade, os concellos só deberán enviar a documentación que acredite e xustifique debidamente as actuacións realizadas, eliminando trámites intermedios.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu en que este programa “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano tratamos de incorporar melloras no Plan Único, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos e para



O presidente da Deputación, entrando no salón de plenos

que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”.

Neste sentido, García Porto afirmou que a simplificación dos trámites administrativos, coa supresión de prazos intermedios, que se aplicará no 2022, “algo moi importante sobre todo para os concellos máis pequenos, que teñen menos recursos humanos e técnicos”, súmase a outras melloras implantadas nos últimos anos, “como o incremento do Plan Único ata acadar os 21,5M€, que mantemos este ano, a apertura dunha liña para que os concellos poidan ofrecer apoio á hostalería, ao turismo e ao comercio, dos sectores máis afectados pola pandemia, ou a posibilidade de imputar gastos con cargo a estes fondos dende principios de ano”.

O Goberno da Deputación prevé que

a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para que os concellos presenten os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, ao aprobarse as bases.

CRITERIOS OBXECTIVOS. No Plan Único do 2022, a Deputación mantén a distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos públicos entre os 67 concellos da provincia, “algo que botamos en falta doutras administracións e que redonda na cohesión social e no equilibrio territorial, e, polo tanto, no beneficio da provincia”, asegurou a deputada. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que se aplican. Ademais, fíxase unha contía máxima de 500.000 e mínima de 200.000€, coa que se blinda o financiamento

do concellos máis pequenos.

UN PLAN ÚNICO DA XUNTA. No Pleno deste martes saíu adiante tamén, cos votos a favor do PSdeG e o BNG e en contra do PP, unha proposta do Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Único para concellos e deputacións. A voceira socialista destacou que esta proposta vén a recoller a petición que “o presidente da Deputación formulou en novembro no Parlamento de Galicia e recolle as reclamacións formuladas pola FEGAMP e a FEMP pedindo un financiamento suficiente baseado en criterios obxectivos”.

O Goberno da Deputación, dende o inicio do mandato, inxectou 64M€ nos concellos da provincia, un investimento co que acometeron en total unhas 1.000 obras e subministracións e contrataron a máis de 900

persoas, lembrou a deputada, asegurando que, pola súa banda, “con datos de 2015, un da cada cinco concellos galegos dedicou máis do 20% do seu orzamento a facer fronte a gastos impropios. Ese ano, os municipios galegos gastaron nese sentido uns 242M€. Pola contra, o Fondo de Cooperación Municipal da Xunta era duns 113M€”.

“O desprezo da Xunta ós concellos púxose de manifesto con toda a crueza na pandemia. 1.800 millóns de fondos extra percibidos do Estado e da UE. Nin un euro transferido ós concellos, aos que, ademais, se lles pediu que asumiran o custo das desinfeccións ou mesmo que estableceran controis perimetrais de co-rentena”, apuntou García Porto.

Por iso, a proposta do Goberno, o Pleno aprobou instar á Xunta de Galicia a aprobar un Plan Único para concellos e deputacións elaborado de acordo con criterios obxectivos similares aos empregados na institución provincial lucense; garantir que o devandito Plan Único iguale, polo menos, a porcentaxe orzamentaria que a Deputación de Lugo dedica á cooperación cos concellos, que supón un 20% do total, polo que, cos orzamentos da Xunta para 2022, de 11.627 M€, isto equivalería poñer á disposición da administración local galega 2.325M€; e presentar á maior brevidade un proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, un proxecto que clarifique as competencias municipais, determine o seu financiamento e garanta un fluxo de fondos anuais repartidos de xeito obxectivo que permita a planificación das políticas municipais.

ABADIN	337.055,11 €
ALFOZ	274.196,80 €
ANTAS DE ULLA	274.301,59 €
BALEIRA	277.464,84 €
BARALLA	292.595,56 €
BARREIROS	276.404,18 €
BECERREA	303.947,87 €
BEGONTE	296.673,21 €
BOVEDA	246.877,91 €
BURELA	376.404,19 €
CARBALLEDO	316.550,68 €
CASTRO DE REI	395.470,03 €
CASTROVERDE	304.596,43 €
CERVANTES	329.824,00 €
CERVO	297.362,87 €
CORGO (O)	341.414,11 €
COSPEITO	363.065,05 €

CHANTADA	471.849,81 €
FOLGOSO DO COUREL	269.009,93 €
FONSAGRADA (A)	444.285,24 €
FOZ	429.621,41 €
FRIOL	412.703,31 €
GUITIRIZ	446.479,57 €
GUNTIN	318.059,51 €
INCIO (O)	289.486,97 €
LANCARA	298.607,89 €
LOURENZA	252.721,86 €
LUGO	500.000,00 €
MEIRA	224.743,86 €
MONDOÑEDO	309.135,66 €
MONFORTE DE LEMOS	500.000,00 €
MONTERROSO	307.724,16 €
MURAS	284.064,87 €
NAVIA DE SUARNA	306.506,68 €

NEGUEIRA DE MUÑIZ	194.267,77 €
NOGAIS (AS)	243.368,74 €
OUROL	305.960,67 €
OUTEIRO DE REI	359.001,21 €
PALAS DE REI	378.157,78 €
PANTON	330.103,55 €
PARADELA	291.020,42 €
PARAMO (O)	245.691,31 €
PASTORIZA (A)	327.219,01 €
PEDRAFITA DO CEBREIRO	254.013,46 €
POBRA DO BROLLON (A)	283.495,95 €
POL	268.331,14 €
PONTENOVA (A)	274.668,93 €
PORTOMARIN	263.989,47 €
QUIROGA	351.988,04 €
RABADE	195.887,76 €
RIBADEO	450.612,27 €

RIBAS DE SIL	231.114,70 €
RIBEIRA DE PIQUIN	231.652,20 €
RIOTORTO	238.089,60 €
SAMOS	282.251,29 €
SARRIA	500.000,00 €
SAVIÑAO (O)	383.959,75 €
SOBER	323.730,24 €
TABOADA	329.800,53 €
TRABADA	253.891,01 €
TRIACASTELA	204.414,27 €
VALADOURO (O)	288.261,69 €
VICEDO (O)	258.502,76 €
VILALBA	500.000,00 €
VIVEIRO	500.000,00 €
XERMADE	308.297,41 €
XOVE	279.051,89 €
TOTAL	21.500.000 €

Lanza un novo plan de emprego para a mocidade

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou este xoves xunto co director do departamento de Aceleración Empresarial da Escola de Organización Industrial (EOI), Javier Benito, o Programa de Acompañamento á Inserción Laboral da Mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro, unha nova iniciativa dotada con máis de 1M€ de orzamento que ten como obxectivo favorecer a inserción no mercado de traballo de máis de 400 mozos e mozas da provincia ofrecéndolles formación gratuita e prácticas remuneradas en empresas e entidades en profesións con alta demanda vinculadas coas novas tecnoloxías e a dixitalización. José Tomé, que estivo acompañado tamén polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, explicou que o programa forma parte do Plan de Impulso da Economía da Provincia lanzado pola Deputación para favorecer a reactivación do tecido produtivo fronte ao impacto da pandemia.

O programa está promovido pola Deputación e a EOI cun orzamento de 1.082.950€, achegados nun 85,9% pola Escola de Organización Industrial a través do Fondo Social Europeo, que supón 930.254,05€. A institución provincial asume o 14,1% restante, o que supón 152.695,95€.

Un programa que dá continuidade ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa, que tamén puxeron en marcha ambas entidades e que está tendo moi boa acollida entre as empresas da provincia.

O Presidente explicou que o Programa de Acompañamento á Inserción Laboral da Mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro, que arrancará en xaneiro e prolongarase durante un ano, dispón de máis de 400 prazas destinadas para a mocidade dos 67 concellos da provincia que estean en situación de desemprego. Deben ter entre 16 e 30 anos e atoparse inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil para poder participar.

“O obxectivo é darlles ferramentas para axudarlle a encontrar traballo ofrecéndolles para iso información especializada, teórica e práctica, naqueles ámbitos que hoxe en día máis se reclaman no mundo laboral”, explicou José Tomé. Nese sentido, manifestou que “é unha formación que responde á necesidade real de perfís profesionais que se están demandando, é dicir, os que máis expectativas de inserción laboral teñen”.

A formación estará dirixida, principalmente, á adquisición de coñecementos e tarefas vencelladas ás novas tecnoloxías, á dixitalización e á administración electrónica. Os con-



Presentación do programa Reiníciate

tidos das 23 accións centraranse nas ramas de: community manager e márketing dixital, xestión informática para pemes e asociacións, xestión informática para licitacións públicas, xestión comercial e redes sociais. Estes programas impartiranse de maneira semipresencial, “facilitando desta maneira que o alumnado poida recibir formación dende calquera punto da provincia, dándolles un trato personalizado e fomentado o traballo en equipo”, destacou o mandatario provincial no acto de presentación.

PRÁCTICAS REMUNERADAS. Este novo programa da Deputación e a EOI inclúe ata tres meses de prácticas non laborais que serán remuneradas. O alumnado poderá completar a súa formación tanto en empresas como en asociacións da provincia cobrando uns 700€ ao mes durante este período.

Tomé Roca puxo en valor que “grazas a este programa os participantes mellorarán a súa capacidade e aptitudes para encontrar un traballo e, ao mesmo tempo, as empresas

e entidades da nosa provincia, coa incorporación deste tipo de perfís profesionais poderán mellorar a súa actividade, ser máis eficientes, ter máis recursos para optar a procesos de concorrncia pública e ser máis áxiles nos seus procedementos administrativos e no mundo dixital”.

“A previsión coa que traballamos é que a inserción laboral deste programa sexa, polo menos, dun 25% dos participantes. É dicir, que uns 100 mozos e mozas consigan un emprego ao rematar este programa. Esta é unha previsión, pero oxalá poidamos superar esa porcentaxe”, recalcou o mandatario provincial.

O prazo de inscrición xa está aberto e pódese formalizar na web: empleojovenlugo.es Habílitase o teléfono 982 26 02 04 para resolver dúbidas que poidan xurdir. A previsión é que o programa arranque en xaneiro.

Ao acto de presentación do Programa de Acompañamento á inserción laboral da mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro asistiu unha ampla representación do tecido asociativo social, profesional e xuvenil da provincia.

Volve o programa da Deputación Coñece a túa provincia

O Goberno provincial aprobou lanzar a segunda tempada do programa de viaxes gratuítas para entidades sen ánimo de lucro Coñece a túa provincia tras a gran acollida da primeira edición.

A Xunta de Goberno aprobou as bases reguladoras da convocatoria do programa para o ano 2022, durante o que a Deputación ofrecerá un máximo de 3.036 prazas repartidas en dous períodos: a primavera (de marzo a xuño), con 1.794 prazas, e outono (de setembro a decembro), con 1.242 prazas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), aínda que a Deputación informará do día concreto a través dos seus canais habituais.

Cada entidade interesada poderá presentar unha única solicitude, que poden enviar vía telemática a través da sede electrónica da Deputación; entregala no Rexistro da Deputación previa cita telefónica; en calquera dos rexistros que menciona a Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou tamén nas oficinas de Correos.

As condicións das viaxes e os itinerarios dispoñibles son os mesmos que a primeira tempada do programa, aínda que as persoas interesadas teñen toda a información na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal)

O ente provincial realizou máis de 60 accións para impulsar o turismo provincial

O Consello de Turismo celebrou a última reunión do ano na que se deu conta das accións realizadas pola área de Turismo ao longo deste 2021.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, abriu a sesión recalando que as máis de 60 accións postas en marcha pola Deputación de Lugo no 2021 en materia de turismo tiñan o obxectivo prioritario de apoiar ao sector turístico “como un sector estratéxico para a nosa provincia”. Neste sentido García Porto expuxo que traballouse para “axudar na súa recuperación fronte ó impacto que as restricións pola pandemia tiveron na súa actividade, e facelo impulsando un modelo de turismo de calidade e sostible, non masificado, de experiencias, na natureza, que pon en valor o

patrimonio, un modelo no que levamos traballando dende hai moito tempo, pero que, precisamente, se viu revalidado coa chegada da pandemia”.

Entre as diferentes accións levadas a cabo polo servizo de Turismo da institución provincial destacan programas como Saborea a túa provincia e Coñece a túa provincia, centrados no turismo de proximidade; o programa de ocio Actívate; as rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra ou as diferentes actividades vinculadas á Ruta Transrománica. Iniciativas que se combinaron cos patrocinios de grandes eventos deportivos como La Vuelta Ciclista, a Gold River Race ou a participación do piloto monfortino Eduardo Iglesias no Dakar 2021; e audiovisuais como a película Live is Life do cineasta Dani de la Torre.

Comeza o proceso de elaboración do primeiro Plan de Igualdade

A Deputación está artellando os mecanismos necesarios para elaborar, negociar e aprobar o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes co que contará a institución provincial.

A voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que se trata dun instrumento de “modernización do sistema de xestión da Deputación que garanta unha estrutura interna e unhas relacións coa sociedade guiadas pola igualdade de xénero”.

O presidente, José Tomé Roca, convocou unha Xunta de Voceiros e Voceiras para manifestar a vontade por parte do Goberno de elaborar un Plan de Igualdade, unha proposta que recibiu o apoio unánime dos grupos políticos representados na Corporación.

Tras esta xuntanza, constituíuse a comisión encargada de impulsar e



Reunión da comisión de Igualdade

coordinar os traballos para sacar adiante o Plan de Igualdade, que estará formada por 8 persoas, entre representantes da institución, persoal técnico da Deputación e representantes das organizacións sindicais.

A institución está, ao mesmo tempo, traballando nun estudo de diag-

nose da situación actual do organismo en materia de igualdade, que “servirá para detectar as medidas de mellora a incorporar no Plan, que, se non hai imprevistos, esperamos ter listo nos primeiros meses do vindeiro ano 2022”, apuntou a voceira socialista.

O ente garante o apoio á prestación dos GES



O Goberno provincial volveu garantir na reunión da comisión de seguimento dos GES o seu apoio á prestación do servizo, así como a súa firme vontade de avanzar no deseño dun novo modelo de funcionamento. A voceira socialista, Pilar García Porto, subliña que non se trata de poñer en cuestión o servizo, senón de mellorar o sistema de prestación do mesmo.

A institución provincial aposta pola substitución do actual modelo por outro que avance na profesionalización dos GES e que modifique o actual marco laboral do persoal. Neste sentido, na reunión propúxolle á Xunta de Galicia prorrogar por un ano o convenio actual, en vigor ata finais deste 2021, e durante ese tempo buscar e consensuar, dende a lealdade institucional, un novo modelo que garanta un servizo profesionalizado e que evite a fraude na contratación por parte dos concellos por mor do incumprimento da lexislación laboral, tal e como xa acreditan reiteradas sentenzas xudiciais. Estes ditames demostran que non é posible manter un sistema que leva a perpetuar vicios e irregularidades

que se coñecen de antemán.

Polo que respecta ao marco de financiamento, a Deputación de Lugo lembra que as administracións provinciais duplicaron as súas contribucións porcentuais no período 2019-2021, polo que reclaman que o modelo non supoña novos incrementos. Neses anos, a contribución provincial pasou de significar o 20% do orzamento dos GES ata chegar a un 40%, mentres a Xunta reducía a súa participación do 60 ó 52%.

A entidade reclama á Xunta que acabe cos intentos de imposición e que adopte unha actitude de diálogo porque todo convenio de colaboración leva implícito un acordo entre as partes. Tamén demanda que o Goberno autonómico teña en conta a opinión e a vontade dos concellos, e que non tome decisións unilaterais.

Neste sentido, destaca que a Xunta non explicou aínda por que o GES que estaba decidido crear en Baleira finalmente non se constituíu e, sen embargo, intenta impoñerllo á Fonsagrada, cando este Concello manifestou que non está en disposición de acollelo.

O organismo financia máis de 135 actividades culturais

A Deputación financia máis de 135 actividades culturais e de actuacións de mellora en locais sociais nas distintas comarcas a través axudas de concorrencia competitiva para asociacións. Así, publicouse no BOP a resolución da concesión das subvencións, que suman un importe de 200.000 euros.

130.000 euros destínanse a financiar actividades dos colectivos culturais, como formación e difusión da música tradicional, certames literarios, xornadas divulgativas ou festivais ata publicacións e producións audiovisuais. 71.000 euros distribúense entre os colectivos que

solicitaron axudas para realizaren melloras nos seus locais sociais. Así, a área de Cultura financia adquisición de mobiliario, equipos informáticos e audiovisuais ou instrumentos musicais e tamén traballos de restauración e reforma ou de mellora do illamento térmico así como a instalación de sistemas de calefacción.

Nese sentido apuntaron que “a maioría das beneficiarias son asociacións de ámbito parroquial ou de municipios pequenos que ofrecen a posibilidade de desfrutar e de participar da actividade cultural máis aló das grandes vilas das comarcas”.

Tomé rexistrou a súa candidatura para liderar o PSdeG na provincia

José Tomé Roca, alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Deputación de Lugo, rexistrou a súa candidatura ás primarias á Secretaría Xeral do PSdeG na provincia de Lugo. Tal e como avanzou nunha rolda de prensa na cidade do Cabe, Tomé Roca formalizou a súa participación no proceso no primeiro día de prazo para facelo segundo o calendario aprobado polo Comité Provincial.

O rexedor monfortino e presidente provincial subliñou que dá o paso coa vontade de poñer ó servizo do Partido Socialista no conxunto da provincia “toda a miña experiencia política, tanto orgánica como institucional, e toda a capacidade de traballo, de organización, de propostas e de dinamismo” que está demostrando no Concello e na Deputación, para, como fixo en Monforte, levar á organización “ás máximas cotas de apoio electoral e de representación institucional, porque iso será bo e iralle mellor á provincia de Lugo”.

Para elo propón “unha estrutura orgánica, un modelo de funcionamento e un proxecto político que consolide e que mellore os resultados do Partido Socialista que hoxe temos na provincia de Lugo, de cara ás próximas eleccións municipais”, e que “toda esta forza municipalista sirva de palanca de impulso para contribuir e ser determinantes para lograr o cambio na Xunta de Galicia



Presentación do equipo de Tomé

en 2024, porque, despois doutra etapa de 16 anos do Partido Popular á fronte da Xunta, Galicia necesita dun Goberno liderado polo Partido Socialista”. “Lugo foi determinante nas primarias do Partido Socialista de Galicia e quero que tamén sexamos determinantes na próximas eleccións autonómicas e estatais”, engadiu.

“Quero un partido que mire para o futuro e para os lucenses. Un partido forte, unido, integrador, que garanta o intercambio de ideas e de comunicación entre a militancia, dándolles participación ós alcaldes e alcaldesas e Voceiros e Voceiras na súa labor diaria”, asegurou Tomé.

En canto ós obxectivos, propón catro liñas de traballo: “ensanchar as bases do partido, recuperando a capacidade para ilusionar e atraer a todas persoas que queiran traballar pola

provincia de Lugo; ofrecer asesoramento técnico e político, apoio e formación, ós que poidan acudir todos os compañeiros e compañeiras para facer o seu traballo diario nos concellos, para plantexar mocións, para darlles información ou para axudarlles na súa relación cos medios de comunicación, tanto nas tarefas de goberno, como na oposición; fomentar a participación para que o partido funcione como unha canle de comunicación permanentemente aberta, capaz de escoitar, de dar resposta ás dúbidas e de aportar ideas para convertelas en propostas que sexan de utilidade para o conxunto; e máis coordinación e difusión das mensaxes para darlles maior repercusión e que cheguen a máis xente, porque a comunicación interna é unha ferramenta que fai mellorar calquera organización”, explicou.

Deputación e Correos únense para levar o servizo ao rural

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, Juan Manuel Serrano Quintana, asinaron un protocolo entre a institución provincial e esta entidade para impulsar novos proxectos que favorezan a cohesión territorial da provincia e axuden a loitar contra a despoboación ao facilitarlles que poidan realizar xestións independentemente de onde vivan.

O obxectivo é garantir o acceso aos servizos públicos básicos á poboación rural e de zonas con poucos habitantes nas mesmas condicións que o resto de persoas que viven nas áreas urbanas. A Deputación e Correos traballarán en proxectos que aproveiten a presenza territorial da compañía, que conta con 24 oficinas na provincia, 46 puntos de atención rural e máis



de 200 carteiros e carteiras rurais que percorren a diario parroquias e aldeas lucenses.

Este acordo tamén servirá para que naquelas localidades onde as entidades bancarias non teñan oficina, se fixen caixeiros en Correos ou se amplíen os servizos que prestan os carteiros rurais de Lugo a domicilio, como pode ser a entrega de diñeiro en efectivo co servizo Correos Cash.

Este compromiso entre a Deputación e Correos inclúe, ademais, o impulso da plataforma de venda online Correos Market coa finalidade de que os produtores locais radicados na provincia de Lugo dispoñan dunha nova canle de venda e poidan enviar os seus produtos a calquera punto de territorio. A día de hoxe son 14 os produtores da provincia que distribúen a través desta plataforma.

SOCIEDADE



Os Bolechas visitaron Triacastela



Os pequenos do Ceip Ricardo Gasset do Incio estiveron de celebración de Nadal



Papá Noel agasallou aos cativos da Casa Niño Pitiños de Paradelá



O anpa do Incio realizou actividades extraescolares



O Ceip Plurilingue San Miguel de Paradelá tamén desfrutou desta época festiva con distintas celebracións no centro, que contou coa visita de Papá Noel



Diferentes momentos da Sarriana no desfile de Nadal que tivo lugar polas rúas de Sarria coa participación de pequenos e maiores



AGRO

A Xunta convoca novas axudas para os danos do lobo e o xabaril

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de publicar dúas novas convocatorias para paliar os danos do lobo e do xabaril, cun orzamento global de preto de 2,1 millóns de euros.

Unha das novidades da convocatoria para paliar os danos producidos polo lobo é a inclusión dun importe adicional, en concepto de lucro cesante, para o gando bovino e ovino-cabrun reproducido de carne e leite (femias). Suporá un incremento dun 10% nos importes das reses bovinas con maior afectación polos danos (maiores de 2 anos) e equinos menores de 4 meses; de case un 12% en ovinos menores de 6 anos (pasan de 59 a 70€); e dun aumento dun 18,6% para os anos (103 a 115€).

A convocatoria conta cunha partida inicial de case 650.000 euros, polo que a Xunta mantén o esforzo realizado nos últimos anos tendo en conta o escenario incerto e inseguro xuridicamente que se presentou para o sector desde o mes de setembro, a raíz da publicación da orde do Goberno central que elevou o status legal da especie mediante a súa inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.

A orde recolle un ano máis a posibilidade de sufragar os gastos veterinarios das reses que resulten feridas e, de ser necesario no caso de sufrimento grave e irreparable, tamén cubrirá os gastos de eutanasia acreditados e realizados de forma regrada por un profesional. Novamente,

serán subvencionables os abortos que sufran as reses, como consecuencia do acto de depredación e tras a correspondente acreditación veterinaria.

En canto á orde de axudas para paliar os danos do xabaril sobre cultivos, a nova convocatoria dispón dun orzamento de 1,45 millóns de euros. Unha das novidades é que se incrementa o importe máximo da axuda nun 25%, xa que se fixa nos 2.500 euros, fronte aos 2.000 euros por beneficiario que estipulaba a anterior convocatoria.

A Xunta declarou o pasado mes de agosto a emerxencia cinxética temporal en 29 comarcas galegas para frear os danos do xabaril, que estará en vigor ata o 27 de febreiro de 2022.



O 1 de febreiro iníciase o período de solicitude das axudas da PAC do 2022

O Consello de Ministros aprobou o real decreto que modifica outros tres de decembro do 2014 sobre a aplicación da política agraria común e que adapta á normativa nacional outras actualizacións realizadas pola UE.

Estes cambios, como avanzou o Ministerio de Agricultura nun comunicado, permitirán que os agricultores e gandeiros españois poidan percibir máis de 7.425 millóns de euros en axudas no 2022.

Nos 7.425 millóns está incluído tanto o Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEAGA), de onde veñen as axudas directas, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), de onde proceden as axudas do segundo pilar. A campaña de solicitude das axudas iníciase o 1 de febreiro. Entre as principais modificacións que recolle esta norma está a definición de «coeficiente de admisibilidade de pastos» que permitirá que as comunidades autónomas poidan establecer na súa normativa un valor mínimo de coeficiente por baixo do que dita superficie non será subvencionable.

Tamén se modifican as axudas asociadas gandeiras. Neste sentido, aclara o procedemento de cómputo de animais elexibles para os que empecen a súa actividade, de tal maneira que a autoridade competente poida aplicar a «opción máis beneficiosa para estes solicitantes».

O PSOE reclama á Xunta as subvencións para o control de incendios nos montes veciñais



A portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, reclamoulle ao goberno galego que abra xa as solicitudes de subvención para levar a cabo as labores preventivas de incendios forestais nos montes veciñais e os tratamentos silvícolas para o incremento do valor ecolóxico dos bosques. Rodríguez presentou unha iniciativa en Comisión parlamentaria que foi rexeitada polo PP.

A responsable socialista explicou que os traballos están condicionados á aprobación da axuda, e a Xunta ten un prazo máximo de 5 meses para notificar a resolución, o que provoca que de retrasar máis o procedemento de novo poderíamos atoparnos con que as labores preventivas non poden comezar ata despois de que comece a temporada de risco de incendio. Rodríguez Dacosta alertou fronte ao risco de que se repita a situa-

ción deste mesmo ano, cando a pesares de ter rematado o prazo legal, houbo solicitantes que non puideron comezar coas labores preventivas ata o mes de novembro. Advirte que “é de perogrullo sinalar que o relevante e o obxecto da orde de axudas é que estas poidan realizarse antes de xuño e polo tanto da época de alto risco de incendios”.

A parlamentaria socialista levou ao parlamento o “enfado crónico” do sector forestal, que se atopa cada ano coa mesma situación de que “chega o verán sen que se fagan os traballos de prevención”. Explica que as comunidades de montes non poden comezar cos traballos ata que os técnicos da Xunta elaboren un informe que non chega ata despois da época de alto risco de incendios, e iso cando teñen a sorte de que as condicións climatolóxicas son axeitadas.

Vacinación

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe para comezar o ano imos falar dun tema moi manido e cheo de imprecisións intencionadas por certos grupos (que moitas veces veñen por grupos conspiranoicos e pseudocientíficos) e ese tema son as vacinas, e así imos falar de elas dende o enfoque veterinario e no mundo das mascotas.

As vacinas son un pilar básico na erradicación de enfermidades, dende que se descubriu a vacina da variola a finais de 1700 (co cal non podemos dicir que é algo moderno nin testado) e dende enton hai outras enfermidades que foron erradicadas ou cando mínimo reducidas a mínima expresión, como a polio...

E o mesmo ocorreu con enfermidades animais como a rabia... pero nestes últimos anos internet, que moitas veces non ten control do que se publica, comezou a espallar mentiras e información sesgadas e cousas que non se sabe moi ben de onde veñen... Estamos vendo que as taxas de vacinación dos animais baixaron e incluso vemos camadas que veñen a clínica sen desparasitar nin vacinar... e ahí veñen os problemas.

As vacinas, a mellor comparación que podemos facela sería que ensinan (mediante diversos mecanismos en función da vacina e do patóxeno) ensinan o noso sistema inmune cales son os patóxenos dos que deben defenderse, e cando o patóxeno aparece en el, fai que o corpo e o noso sistema inmune. E iso estámolo vendo no caso desta última vaga da Covid, na que a pesares de ter uns números de contaxios enormes, temos menor taxa de ingresos, e isto é a causa da vacinación. E do mesmo xeito a vacina

non impede que nos infectemos (si, reducen o risco de infección pero se non temos os cuidados debidos, infectaremonos igual), a diferenza está que o dano que nos causen sexa moito menor, do mesmo xeito que un chaleco antibalas evita que morramos dun disparo no peito pero non evita que se rompan rompan as costelas no proceso.

Esto mesmo ocorre cas vacinas animais e por iso é fundamental a boa xestión das pautas de vacinación.

Primeiro: as vacinas son medicamentos veterinarios de prescrición e aplicación veterinaria, e teñen que cumprir unha estricteza de frío, co cal as vacinas non poden ser vendidas nin aplicadas por particulares (cousa que vemos e sempre están asociadas a súa ineficiencia).

Segundo: Os programas de vacinación teñen unhas pautas de aplicación (tempo entre doses, tipo de vacina) dadas pola experimentación do laboratorio e os resultados dos mesmos.

Terceiro: As pautas de vacinación deben vir acompañadas de unha exploración do estado xeral do animal e deben ir acompañadas de un programa de control de parásitos (que tamén só o pode prescribir un veterinario). Ademais a desparasitación é fundamental no cachorro, xa que vemos que moitas veces acooden cachorros a vacinar e teñen cargas parasitarias moi elevadas, eses mesmos parásitos danan as súas paredes intestinais e diminúen as súas defensas facéndoos susceptibles a contraer enfermidades como a parvovirose. E as vacinacións deben repetirse cunha base fixa en animais adultos para manter a inmunidade o longo da vida das nosas mascotas.

Estamos vendo casos de camadas enteiras afectadas de parvovirose, animais adultos afectados de moquillo e brotes de tos das canceiras e nos gatos de panleucopenia... e é unha magoa que se produzan xa que todas elas teñen vacina.

“Hai que ter un sistema de produción local en condicións”

Isabel Vilalba renovou como secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

Falamos con Isabel Vilalba Seivane, relexida ata 2024 secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, e na que carga contra a aprobación da nova lei estatal de cadea alimentaria.

Foi reelegida novamente como secretaria xeral do SLG. Como recibe esta renovación?

É unha honra traballar nun colectivo no que cres e que sintes o apoio da xente. Levo nel dende o 2012. Afronto esta renovación nun contexto de moita preocupación e con moitos retos e moi importantes, como a ameaza das subas de costes ou do cambio climático, que parece que está moi lonxe pero non. De feito xente que estaba no congreso que fixemos, como produtores e agricultores dixeron que están a notar un incremento nas pragas que antes non había, danos meteorolóxicos moi fortes que as veces levaban as colleitas enteiras, entón temos retos moi importantes.

Como se atopa o agro galego?

É un momento de moita preocupación para os sectores gandeiros e agrarios cos que traballamos porque en xeral hai una suba moi importante de custos de produción e una ameaza de que neste novo ano que vén eses custos como electricidade, alimentación, combustibles, fertilizantes, etc. van continuar nunha tendencia de subida.

Paralelamente temos uns prezos que se manteñen á baixa ou con mínimas variacións e isto coloca ao sector nunha grave tensión e nun grave momento de dificultade. Este é o marco actual, un marco de preocupación, de como se porán as medidas que nestes momentos necesita o sector.

Contan con alianzas de traballo?

Creemos moito nas alianzas porque parécenos que necesitamos de todo o tecido social e tamén do mundo urbano para apoiar as reivindicacións que nos defendemos. Neste sentido tivemos una ampla participación na última reunión e na que comentamos os nosos grandes parámetros de traballo.

Cal é un dos obxectivos máis importantes do SLG?

O primeiro é a renda digna para as persoas produtoras. As persoas produtoras necesitan rendas dignas e o modelo de produción ten que ir encamiñado para producir alimentos saudables para o conxunto da sociedade, non so un modelo que produza produtos ecolóxicos e de alta calidade para unha elite. Por outra banda parécenos unha gran

irresponsabilidade seguir destruindo aquí alimentos e pensar que despois veñan dende miles de quilómetros sobre todo co escenario que estamos vendo.

Outro punto é que nos enganamos se pensamos que somos alleos a esta tendencia global que hai de encarecemento, por exemplo nos combustibles fósiles xa que todo nos está a indicar que nun futuro serán máis caros ou menos dispoñible se moito do noso sistema de produción e alimentario tanto para os animais como para as persoas veñen de moitos quilómetros ou doutra parte do mundo.

Por iso cremos que hai que cambiar o modelo para facelo moito máis autónomo e que non poña en perigo á sociedade no sentido de que nun momento dado os alimentos non cheguen ou se o fan serán carísimos, e non falo so dos humanos senón tamén para os animais.

E coa nova Lei da cadea alimentaria?

O Ministerio de Agricultura aprobou unha modificación da e nos seguimos pensando que lle faltan ferramentas para que sexa real. É dicir, se esa Lei pon que está prohibido vender por debaixo dos custos non deixa de ser un titular se non se poñen as ferramentas como os índices oficiais de custos de produción ou un sistema de mediación de contratos para que as condicións e os prezos non sexan abusivos. Hoxe se a xente está recibindo prezos abusivos nas súas granxas non hai ningún sistema legal de mediación que actúe para rematar con ese abuso ou resarcilo. Isto é unha preocupación importante e pensamos que a Xunta e o Ministerio non poden seguir botando balóns fóra.

Tamén falan dos alimentos saudables, non?

Outro dos nosos obxectivos está en ter un sistema de produción de alimentos saudables que cheguen a totalidade da poboación, e que eses alimentos se produzan aquí de maneira principal e que detrás haxa unas condicións boas de vida para as persoas produtoras e tamén que esta actividade sexa coidadosa co medio, que coide a paisaxe, que faga que a terra estea viva e sen contaminación e que poidamos transmitir as vindeiras xeracións.

Entendo que apoian e valoran o comercio local.

Nos pensamos que unha vía moi importante é que as persoas produtoras poidan chegar o máis directamente posible aos consumidores,

por iso a venda directa nos mercados ou a venda pública son maneiras para que poidan desenvolver esa parte. Así na venda pública podían estar os seus produtos nos hospitais e nos comedores escolares que son vías de apoio importantes. Pero tamén necesitamos un cambio no marco pois moitas normas hixiénico sanitarias están feitas a medida das grandes industrias. Por exemplo, ti se produces polo ecolóxico ti non tes salas de despece ou matadoiros que che permitan comercializar eses polos directamente aos consumidores. Por iso necesitamos un marco como a que hai noutros países para que eses produtos de alta calidade se poidan comercializar e que ese marco este adaptado aos pequenos produtores.



Polo tanto falta vontade política?

Claro, hoxe por hoxe vemos en todo o territorio proxectos moi interesantes de producións e de produtos de moi boa calidade, pero se as políticas van totalmente na dirección contraria de pouco serve esa axuda... Por exemplo no caso da mocidade, a xente nova que se instala no rural ten unha burocracia increíble. Coñezo un caso en Lourenzá dun proxecto de horta moi ben feito e moi sólido no que estaban unhas persoas moi traballadoras, pois negáronlles a axuda de incorporación porque tiñan unha factura cuns ingresos mínimos de agrarios. E despois cando se dirixiron a oficina pertinente para falar con eles e poder solucionar ese problema mareáronlles dunha oficina a outra, e así foi que abandonaron o proxecto. E isto é o que non pode ser.

Entón necesítanse máis axudas?



Por suposto. A realidade é que non hai un programa de axuda á vivenda no rural e tal é así que fomos perdendo o 40% da superficie agrícola útil nos últimos 40 anos. Pero non hai un programa para axudar á xente a instalarse e facilitarlle tamén o acceso á terra ademais de atoparse con dificultades para vender os seus produtos, etc.

A PAC basease en dereitos históricos, pero á xente nova ou non recibe pagos ou nunha cantidade moi pequena ou moito menor que a media do seu sector. Así temos un balance tremendamente negativo onde desaparecen moitas máis granxas e son mínimas as incorporacións de xente que colla o relevo.

Outro dos temas principais son os eólicos, porque prexudican tanto ao agro?

Nós pensamos que é unha gran eiva ter tan pouca superficie agrícola útil, neste momento pouco pasamos do 20% cando en moitos países europeos xa pasan do 50%. Pero hai un problema importantísimo que é como afecta á xente pois están poñendo aeroxeradores de 200 metros moi preto das vivendas.

Como é posible?

Porque traballan cunha normativa dos anos 90 onde os aeroxeradores eran de 50 ou 70 metros e están a aplicar a mesma normativa pero con estes muíños eólicos que triplican esa altura.

Ademais son un lastre paisaxístico e ambiental, non?

Si, afectan ao valor paisaxístico, ao turismo que busca tranquilidade, aos bens inmobles, aos veciños, etc, necesitamos outro modelo enerxético que non destrúa todo. Hai moitos proxectos é non se están a facer uns análises reais de calidade do seu impacto ambiental.

Cal é o problema do modelo enerxético eólico?

Este modelo enerxético é totalmen-

te demencial, é dicir, nos temos máis potencia eólica instalada que consumo pero preténdese evacuar grandes cantidades de enerxía e está en mans de empresas que nada teñen que ver co territorio. Aquí quedan os impactos pero non os beneficios e enchen o noso territorio de liñas de alta tensión.

Que leva implícito o lema Más labregas, mellores alimentos. A vida das persoas e do planeta no centro?

Este lema é unha das cuestións que sempre tivemos moi presentes. Está claro que a xente necesita alimentarse pero é importante tamén saber que tipo de alimentos lles chegan, se son alimentos de agriculturas totalmente industrializadas con gran cantidade de pesticidas, de antibióticos na cría de animais, con macrocebaeiros, con grandes impactos sobre a terra e a auga? Ou son alimentos feitos por un modelo sostible e coidadoso co medio e coa saúde das persoas e do planeta? Hai que ser moi conscientes xa que hoxe en día hai miles de mortes na Unión Europea por resistencias a antibióticos porque na cría industrial de animais úsanse dunha maneira moi importante e se os estamos inxerindo de maneira continuada fará que cada vez teñamos bacterias multiresistentes. Isto é un exemplo pero podería falar dos residuos de pesticidas ou de outras moitas cuestións que afectan á saúde. Entón eu creo que é moi importante pensar que a saúde ten unha relación directa coa alimentación e para iso ten que haber moitas persoas que non usen materias primas que acaben sendo prexudiciais para a saúde.

Por iso nos insistimos no lema pois o que nos venderon sempre foi que canta máis poboación agrícola desaparecera máis moderna era a sociedade, e eu creo que iso é unha equivocación, porque tamén ten que ver con ter menos emprego, menos riquezas rurais, peor calidade dos alimentos e modelos máis agresivos para o medio ambiente.

COLABORACIÓNS

Medio século de ilusión

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Custa imaxinarse aqueles intrépidos e inquietos homes que alá a principios dos setenta romperon os miolos para crearen en Begonte, a carón da vella nacional sexta, un belén electrónico. Nuns tempos nos que a modernidade e o progreso eran, polo xeral, alleos a aquela Galicia profunda, pero viva, un crego, don José, e un argalleiro emprendedor, José Rodríguez Varela, foron quen de darlle vida ao nacemento do Neno Xesús.

Un lembra de neno a tradicional visita do colexio ás instalacións onde

contemplabamos en apenas uns minutos como o día se transformaba en noite, o sol daba paso á chuva e á neve, mentres aquelas figuras que representaban os oficios tradicionais do País non paraban de moverse. O Ferreiro, o zoqueiro, os pastores coidando o seu gando, labregos sementando, leñadores serrando na madeira ou a muller amasando no pan, atendían o seu lerio a carón do presebe onde o fillo de Deus, acompañado dos seus pais, un boi e unha mula que lle daban calor, agardaba pola chegada dos Reis Magos de Oriente, que viñan nos seus camelos para adoralo. A maxia embaucaba a pequenos e a grandes por igual, hai cincuenta anos, vinte e cinco, dez e tamén no día de hoxe.



O resultado daquela brillante iniciativa constatábase nadal a nadal cos milleiros de visitantes que se achegaban a Begonte para contemplar o belén. Cada edición era distinta á anterior, pero ao mesmo tempo moi parecida, xa que todo estaba inventado. Begonte foi coñecido no resto de Galicia, identificando o municipio co seu belén electrónico. Foron ducias os artistas e creadores premiados

nos distintos certames de poesía, xornalismo ou arte e moitos máis os participantes nos mesmos. Os medios de comunicación facíanse e fanse eco do acontecemento, sendo un clásico nesta época do ano.

Co paso do tempo xurdiron imitacións noutras localizacións, moi meritorias todas elas, mais se existe un belén electrónico con galóns, ese é o de Begonte. Cincuenta anos é toda unha vida, pero na historia da Humanidade non supón máis ca un suspiro. Chegar á idade da madurez cunha saúde de ferro ten o seu aquel, polo que todos os que dunha ou doutra maneira participan na continuidade deste milagre en plena Terra Chá, merecen un gran recoñecemento pola súa laboura. Os últimos dous anos es-

tán a ser complexos e difíciles pola situación que condiciona a vida de toda a sociedade, supoñendo todo un desafío á hora de dar resposta a unha realidade que nos supera amplamente.

Virán tempos mellores, ou incluso tan malos ou peores cós actuais. E abofé que o belén electrónico de Begonte seguirá abrindo a súas portas un ano máis, a carón da nacional sexta, para que persoas, familias e grupos chegadas de moi pretiño ou de lonxe, contemplen como tras da noite chega o día e as figuras vólvense mover.

As vodas de ouro tiveron lugar. A partir de agora, o reto é chegar ás de platino coa forza e ilusión que caracterizan esta obra de arte que leva medio século entre nosoutros.

Chirlomirlo

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Son feo, son triste e aínda por riba estou namorado. O meu nome é O Chispas. Herdei o alcume de meu pai. Era electricista e morreu colocando as luces de Nadal. Eu era aínda un cativo. Dixéronme que fora un lóstrego.


E son músico. Músico, músico. Músico da música.

Un músico cósmico. Humor e risas.

.. A música naceu co rechouchío.

Da mágoa ou da alegría. Do amor ou da morte. Por iso, matar un reiseñor, que tanto canta de día como de noite, é un crime que non ten perdón. Como matar unha andoriña. A primeira sinfonía é a da natureza. Unha fraga é unha grande orquestra. O vento é música e cada árbore ten a súa. A choiva é música. Cada onda de mar ten a súa clave musical, o seu chirlomirlo... Beleza e inspiración.

Estes dous fragmentos pertencen a un dos últimos libros publicados polo gran Manuel Rivas, *O Chispas*. En principio trátase de literatura xuvenil -está recomendado para maiores de 12 anos-



pero a verdade é que estamos a falar desas pequenas xoias que transcenden a idade. Cómico e fermoso a partes iguais. Un tipo de talento reservado a uns poucos elixidos. Lendo só as primeiras páxinas non podes deixar de sorrir, inmediatamente xa queres saber máis dese tal "Chispas", un tipiño singular...

Existen moitas definicións distintas para o concepto de "música", pero poucas son tan orixinais e evocadoras como coa que Rivas nos agasalla neste libro. Non podo parar de imaxinar sobre a partitura a Sinfonía "Heroica" de Beethoven escrita no chirlomirlo de Mi bemol Maior ou a Quinta de Mahler no chirlomirlo de Do diése menor, non sería xenial?

Se buscamos o vocábulo "chirlomirlo" no dicionario aparecerá como sinónimo de estorniño, paxaro da familia dos estúrnidos (*sturnus unicolor*), de cor negra e peteiro aguzado en tons amarelos, moi común en Galicia, que adoita vivir en bandadas moi ruidosas. Sen dúbida, unha definición clara e concisa. Nada que dicir. Pero, acaso non é máxico trucar as palabras dándolles outra vida, outra historia que contar detrás dun grupiño de letras ben cosidiñas? Ligar "chirlomirlo" con "clave musical" é simplemente xenial.

En realidade cada cousa ten o seu chirlomirlo, basta con saber escoitalo. Iso si, é necesario tomarte o tempo e a calma para poder apreciálo no medio do ruído das nosas "vidas modernas" ateigadas de tecnoloxía. Vai ser que as redes sociais non teñen chirlomirlo... Basta con ver *Don't Look Up*, unhas das últimas longametraxes estreadas en Netflix, dirixida por Adam McKay e protagonizada por Leonardo DiCaprio, Jennifer Lawrence e Meryl Streep. Esta delirante historia, chea dun surrealismo exquisito, conta como a especie humana afronta a súa propia extinción debido á súa propia estupidez. A estupidez elevada á enésima potencia. Máis de dúas horas de risas onde se mestura sátira

e comedia dun xeito maxistral. Aínda así, lembro unha escena de auténtico caos e destrución que tiña o seu aquel, o seu chirlomirlo. Esa estraña beleza destrutora presente na propia Natureza, na súa forza imparable e inexorable.

E para vós, como soa o chirlomirlo do voso recuncho preferido?

Está afinado en modo maior ou menor? En clave de Fa ou de Sol? Sexa como sexa, senta e escoita con mimo, con paixón. Porque anda por aí flotando, invisible pero audible...

Queridiños, só vos desexo un 2022 cheo de chirlomirlos afinados en saúde, boas novas e cultura, moita cultura!

ELISARDO BARCALA



DEPORTES



Erik Quintela, Jordan Sakho e Maximus visitaron o CB Sarria

Erik Quintela, Jordan Sakho e a mascota Maximus visitaron ás xogadoras e xogadores do CB Sarria. Os breoganistas saudaron aos deportistas do club, fixéronse fotografías e asinaron autógrafos no medio dun ambiente festivo no pavillón do Chanto.

Ao acto, organizado no marco da colaboración que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o CB Breogán manteñen para promover o de-

porte, asistiron tamén o responsable da Área Social do Breogán, Salva Arco, e o deputado de Deportes, Efrén Castro.

O responsable destacou “a calorosa benvida que as nenas e nenos do CB Sarria deron ao CB Breogán” e agradeceu a implicación do club breoganista nestas iniciativas que “xeneran ilusión entre os rapaces e rapazas e contribúen a afianzar o seu interese polo deporte”.



Saque inaugural do derbi

Cruz Vermella foi homenaxeada no derbi da Sarriana e o Lemos B

A SD Sarriana nomeou coma socio de honra do club pola súa colaboración coa entidade durante os tempos pandémicos á Cruz Vermella Española. Esta, foi homenaxeada no partido contra o Lemos B.

O presidente Jaime Capellá, acompañado dos voluntarios, fixo un saque de honra para recoñecer o labor ofrecido por esta organiza-

ción durante a pandemia.

O derbi contra o Lemos B xogado na Ribela acadou un resultado final de 1-0. Os locais lograron poñerse por diante no minuto 13 despois do gol que marcou Diego. O resto do enfrontamento, a Sarriana encargouse de defender o resultado para sumar os tres puntos e colocarse na primeira posición da clasificación.

Aprazado o partido solidario no Estadio Municipal da Ribela

Dentro da programación de Nadal do Concello de Sarria quedou aprazado o partido solidario entre os equipos xuvenís da SD Sarriana e o CF Calasancio pola aparición de positivos entre contactos estreitos dos xogadores

O enfrontamento estaba previsto ás 17.00 horas do día 26 no Estadio Municipal da Ribela e os espectadores debían levar un xoguete como método de pago da entrada. En canto a situación o permita, ambos os dous equipos recuperarán a celebración deste encontro solidario.

No encontro xogado a semana pasada entre o SD Sarriana e o Club Lemos, na Ribela, levouse a cabo a presentación da campaña Un neno un xoguete coa que dende o día 20 ata o 25 se recolleron xoguetes. O fin é o de repartilos entre os nenos da vila da man do Concello de Sarria.

PASATEMPOS

Fácil

	8		5	2	6			7
					8	2	3	
	7		3					5
8	6		7			5		
7			4					8
4								3
					4			
3			2			7	4	9
5	4		9	3		6	8	

Difícil

		8							
	5				3	2			
		6					4	5	
	4	5	6				2		
		7			5		9	3	
			3	4				8	6
			8		3				
5		3	1		6			2	
2		9	4						6

Extremo

				3			8		
				9					2
				2		5			6
		6	3						5
	8			9					
		7						1	
		5							
6	2	9	8						
		8							
				6				4	

SOLUCIÓNS

5	4	2	9	3	7	6	8	1
3	1	8	2	6	5	7	4	9
6	9	7	8	1	4	3	5	2
4	2	5	6	8	1	9	7	3
7	3	9	4	5	2	1	6	8
8	6	1	7	9	3	5	2	4
2	7	6	3	4	9	8	1	5
9	5	4	1	7	8	2	3	6
1	8	3	5	2	6	4	9	7

Fácil

2	8	9	4	7	5	3	6	1
5	7	3	1	9	6	8	2	4
6	1	4	8	2	3	7	9	5
1	9	2	3	4	7	5	8	6
8	6	7	2	5	1	9	4	3
3	4	5	6	8	9	2	1	7
9	3	6	7	1	8	4	5	2
4	5	1	9	3	2	6	7	8
7	2	8	5	6	4	1	3	9

Difícil

7	3	8	1	6	9	4	5	2
6	2	9	8	5	4	7	1	3
4	1	5	7	2	3	6	8	9
5	9	7	6	4	2	1	3	8
3	8	1	5	9	7	2	4	6
2	4	8	3	1	8	9	7	5
9	7	4	2	8	5	3	6	1
8	6	3	9	7	1	5	2	4
1	5	2	4	3	6	8	9	7

Extremo

XEROGLÍFICOS

Terreo anegado



Terreo anegado: Pantanoso

XEROGLÍFICO

“O máis gratificante é ver como disfrutan os nenos ao xogar”

Falamos con Violeta Díaz Pérez, presidenta do club Os Meigallos FS

Como nace o club?

O club nace a partir dunha serie de rapaces entre 10 e 11 anos que queiren xogar ao fútbol sala que xogan no recreo e os seus pais anímanse a xuntarse e facer un equipo. Comezaron cun equipo de 12 nenos, porque eu daquelas non estaba, duns pais con fillos afeccionados ao fútbol sala. Así nace o proxecto dos Meigallos FS.

Para que idades é?

A partir de 3 anos. Temos desde biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e senior. Todas as idades dende 3 anos en diante, todo o mundo que queira vir aquí estamos.

Que se pretende inculcar nos nenos?

Prendemos inculcarlles compañeirismo, xogo en grupo, responsabilidade e todos os valores que dan o deporte en grupo.

Cal é o maior rival para o club?

Hai moitos, temos que pensar que nós somos unha vila pequena onde o único que hai é Os Meigallos, non hai nada máis de fútbol sala. E despois vas polas cidades que teñen onde escoller aos nenos, onde coller o mellor do mellor entón todos os rivais son duros e intentamos afrontalos como podemos.

Que obxectivos ten o club para esta tempada?

O de todos os anos, intentar mellorar, conseguir o mellor posto posible e permanecer nas categorías ou conseguir ascender. Isto é o que pretendemos todos os anos.

Cal foi o maior logro do club ata o de agora?

Os xuvenís cando gañaron a Copa Galicia. O ascenso do senior a preferente. E tamén tivemos un equipo feminino que nos deu moitas alegrías e moitos títulos.

Como afrontou o club e os xogadores a covid-19?

O Covid afectounos o ano pasado duramente porque moita xente tiña moito medo. Moitos pequenos non viñeron ao fútbol nin se apuntaron por culpa da Covid. Intentamos levalo o mellor posible, competimos todo o ano tomando as medidas de seguridade recomendadas e un pouco máis. Ao final tivemos sorte non tivemos ningún caso e fomos saíndo ben cara adiante e, así seguimos.

Na actualidade que medidas se están a tomar? Como responden os xogadores?

Na actualidade estamos tomando

as medidas que nos recomentan dende a Federación e dende o grupo sanitario. Medir a temperatura, ao mínimo síntoma avisar e responder como corresponde. Ter todos a vacinación, todos a partir dos nenos de 12 anos e os que non teñen vacina porque son menores e non podían vacinarse xogan con máscara e intentamos levalo ben, os nenos responden ben e por agora, as cousas estannos a saír ben, polo que non hai queixa ningunha.

Cal foi o maior reto ou dificultade ao que se tivo que afrontar?

Como subvencionarnos e de onde sacar os cartos. Ademais, tamén costa buscar os pequenos que queiran xogar e conseguir que en todas as categorías haxa nenos. Por agora vámolos conseguindo, incluso en varias categorías temos dous equipos por categoría. Outra dificultade que temos no club é atopar xente que queira adestrar, comprometida e que teña algunha noción de fútbol sala, entón todos os anos temos problemas para localizar a xente que queira adestrar. Estas son as maiores dificultades que temos día a día.

Que propósitos ten de cara ao 2022?

Que sigamos para adiante, intentar seguir subindo dentro das nosas posibilidades. E sobre todo que os pequenos estean contentos. Eso é o máis importante.

Queren ampliar a oferta e ampliar categorías ou número delas?

Nunca puxemos límites, o único que temos que saber é con cantos pequenos contamos para saber si facemos un equipo, dous ou os que sexan. Chega un momento no que estás apuntando as ligas e no momento que cumpres 15 fichas por equipos xa non se poden apuntar a máis nenos, polo que o interesante que a xente que estea interesada a apuntarse ao fútbol sala o faga durante o mes de xullo para poder ter unhas previsións das categorías e dos nenos que vamos ter.

Hai rivalidade entre clubs sarríais?

Si, doutras especialidades hai rivalidade porque non nos damos posto dacordo a hora de facer os adestramentos, e facer que as categorías non coincidan. Non hai forma de poñerse de acordo. Entón, ao final o que consigues é que si o pequeno xoga contigo non poida xogar con outro e facer outro deporte. Eu creo que nestas idades sobre todo de pequenos, poderían facer máis dun deporte sempre e cando nos

puxéramos de acordo pero eso é totalmente imposible neste sitio. Non hai forma de sentarse. Nós temos as horas de pavillón que temos e non podemos cambiar os horarios, ao final os que se fastidian son os nenos porque por culpa de que nós non nos poñemos de acordo teñen que elixir entre unha actividade ou outra e non poden facer dúas. Hai certas idades nas que se podería compaxinar porque os nenos teñen tempo para facer varias cousas á vez, isto sería marabilloso e moi bo para os pequenos e para os clubs. Porque os nenos que hai na vila son os que hai non hai máis entón por moito que queiras estirar non podes.

Realizan máis actividades a maiores dos adestramentos e competicións?

Temos un torneo ao final da tempada de todas as categorías onde ven xente de Burela, Lugo e todas as esquinas. Tamén temos o Campus en colaboración cos irmáns Diz que son dous xogadores de primeira división que fan un Campus en colaboración con nós na segunda semana de xullo cada ano.

Que é o máis gratificante de levar un club?

Ver como disfrutan os pequenos e velos xogar. Eso é o máis gratificante.

Cal é a súa vinculación co fútbol e como nace?

A vinculación nace grazas ao meu fillo. A el gustáballe xogar a fútbol e fútbol campo aínda era moi pequeno e aínda non podía ir, comezou indo a fútbol sala porque era o que había e ao final comezou alí o primeiro dos meus fillos e remataron indo os tres.

Como chegou a ser a presidenta do club?

Cheguei polo mesmo motivo, empezas axudando, colaborando coa directiva, os pais que van saíndo vano querendo deixar entón ou segues e colles as rendas ou ao final isto desaparece. Entón vamos rotando. A verdade é que somos un grupo, o da directiva, todos colaboramos moito e traballamos moito entón lévase moi ben.

Sentiu algún tipo de discriminación por ser muller nun entorno no que a meirande parte son homes?

Non, nunca me sentín discriminada. A verdade é que o tomei moi ben sempre, a xente trátanos moi ben. Nun principio ninguén se estraña de que a presidenta e a vicepresidenta sexamos mulleres polo que o levamos moi ben.



Os diferentes equipos que forman parte do club Os Meigallos

Sarria formará parte da volta ciclista O Gran Camiño

Sarria será o escenario elixido para a etapa lucense do Gran Camiño unha volta profesional a Galicia na que participarán equipos internacionais e, que se celebrará durante o mes de febreiro. Será o final da volta ciclista, que pretende recuperar un espazo propio para o ciclismo profesional galego no calendario internacional. O centro histórico da vila será a meta da cuarta e última etapa da ronda galega, que se celebrará o vindeiro 27 de febreiro.

O deputado de Deportes, Efrén Castro, e o organizador do evento, Ezequiel Mosquera, fixeron o anuncio nun acto no que participaron os exciclistas profesionais Óscar Pereiro e Alejandro Paleo e o concelleiro de Seguridade Cidadá sarriá, Félix Seijas, e no que se avanzou tamén que a etapa sarriá será unha contrarreloxo. Efrén Castro subliñou que “acoller a final do Gran Camiño, que suporá o regreso do pelotón internacional a Galiza, colocará a Sarria no foco do mundo do ciclismo, reforzando tamén a súa proxección como punto de referencia do Camiño de Santiago”. Nese sentido, dixo que “un percorrido que ten como referencia a ruta xacobea tiña que pasar por Sarria onde, engadiu, existe tamén unha importe afección ao ciclismo”. Ademais da repercusión local e comarcal, o responsable de Deportes explicou que “co impulso a este evento, desde a Vicepresidencia da Deputación de Lugo queremos contribuir a recuperar o pulo do ciclismo profesional galego despois de anos sen estruturas e probas propias” e remarcou “o interese que ten para o país e para a promoción do deporte



Presentación da carreira

base ter referentes profesionais”. Ezequiel Castro explicou que “o casco histórico de Sarria supón un escenario icónico para o final do Gran Camiño” e agradeceu a colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo para sacar adiante o evento que, avanzou, contará con equipos UCI Pro Tour, que forman parte dos pelotóns das grandes probas internacionais.

Os ex ciclistas profesionais Óscar Pereiro, gañador do Tour en 2006, e o viveirense Alejandro Paleo, que participaron na presentación do evento, evocaron esa etapa e sinalaron o potencial destes eventos como “viveiro” de ciclistas.

O GRAN CAMIÑO. O Gran Camiño terá lugar do 24 ao 27 de febreiro. Durante estes catro días, o pelotón atravesará parte dos diferentes paraxes de Galicia. Cada unha das catro provincias que conforman Galicia será protagonista nunha das catro

etapas, cun percorrido moi atractivo tanto para o corredor como para o espectador, onde por seguro se vivirán grandes momentos de loita, estratexia e deportividade. En Pontevedra, onde se iniciará a rolda, a etapa discorrerá entre O Porriño e Vigo. Na Coruña, o punto de referencia da etapa será O Ézaro. Mentras, en Ourense, a saída estará en Maceda e a meta en Luínta.

Pese a non ser un territorio moi extenso, a peculiar orografía da zona fai que sexan infinitas as posibilidades en canto a percorrido se refire, un percorrido que pronto será desvelado na presentación onde se dará a coñecer algunhas novas máis do que nos agarda a finais de febreiro.

EQUIPOS CONFIRMADOS. Entre os equipos confirmados nesta proba pódense atopar o Movistar Team, Israel Start-Up Nation, EF Pro Cycling, Cofidis, Euskadi, Atum General/Tavira/Maria Nova Hotel.

Os equipos de fútbol da comarca preparan a volta ao verde tralo Nadal



O Paradela na súa celebración

A competición de Segunda Galicia aínda ten partidos por xogar debido ao seu aprazamento tras detectar xogadores positivos entre os cadros de deportistas.

Un dos equipos máis afectados por este motivo foi o conxunto do grupo 2A, o SD Paradela, que xogou o encontro aprazado contra o Santa Comba na última xornada da liga. Días máis tarde, o 19 deste mes recuperará o encontro co Becerreá que se suspendeu na xornada 8.

Malia a todo, o Paradela é o equipo da comarca de Sarria que ocupa o posto máis alto da clasificación. Conta con 13 puntos en 6 partidos xogados con tan só unha derrota. É o segundo da táboa, despois do SD Becerreá que ten 18 puntos acumulados tras gañar 6 dos 7 partidos xogados.

Terceiro na clasificación, atópase o SD Páramo con 13 puntos tamén. A diferenza é que este

equipo xogou os 8 partidos acadando 4 vitorias, 1 derrota e 3 empates.

Na volta das vacacións e coas pilas cargadas, o Páramo xogará na casa contra o Antas, esta agrupación ocupa o sexto lugar da clasificación. Por outra banda, o Paradela viaxará ata os Chacotes onde se enfrontará ao Palas, penúltimo da táboa.

No grupo 2B, o Incio Terra Brava CF ocupa o sexto lugar da clasificación, con seis puntos acadados ao gañar contra o Quiroga na primeira xornada e contra o Oural na sexta. Nos demais encontros aos que se enfrontaron os xogadores do equipo da comarca de Sarria, foron derrotados. O último foi o partido suspendido contra o Bóveda na xornada 7. O encontro tivo lugar o día 26 de decembro e o resultado final foi de 3-1 para o Bóveda sumando así unha derrota máis os da Terra Brava.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@sarriaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 57-2021

DE RUTA EN RUTA

Láncara: O Camiño Real

Existe un camiño, coñecido como Antigo ou Camiño dos romanos que segundo a tradición popular data da época romana.

Trátase dun tramo dos chamados Camiños Reais, itinerarios que permitían aos viaxeiros e comerciantes da época trasladarse por todo o país.

É moi posible que formase parte dun dos trazados orixinais do Camiño de Santiago. De feito, aínda que hoxe existen roteiros de peregrinación máis transitadas cara á cidade do sepulcro, eran varios os trazados que seguían os peregrinos.

Isto en concreto, une o Camiño Francés co Camiño Primitivo, e transcorre polos concellos de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Triacastela, Láncara, O Corgo e Lugo.

En zonas montañosas como estas, era frecuente que os viaxeiros optasen por itinerarios máis agradables polo estado do tempo, sendo este un roteiro máis levadío, cunha pendente moi lixeira, inferior ao 5% en moitos casos, algo moi propio das vías romanas.

Transcorre por zonas altas, rol-



dando cotas próximas aos 1.200 metros. Conta cunha lonxitude total duns 60 quilómetros desde Padornelo en Pedrafita, onde se separa do Camiño Francés ata a capital de Lugo, para atoparse co Camiño Primitivo.

O Camiño Real pode realizarse por etapas, no seu traxecto polo concello de Láncara iníciase no lugar do Furco, no punto no que se entroncan tres concellos: Becerreá, Triacastela e Láncara. No Furco documéntase a existencia dun mesón, que na época de invernía, serviría de gozosa acollida para viaxeiros, aínda que as comodidades fosen mínimas.

O Camiño segue un percorrido ascendente pasando polos lugares de Casabranca, Estaladoira, e preto dos Acibeiros, antes de chegar ó Busto toma dirección á Armada, continuando o seu ascenso, xa na parroquia de Sta. Olalla de Lagos. Atravesando o Monte da Medorra e o de Trandeira, chégase ó lugar de Galegos, fin de etapa neste percorrido onde había posta.

Seguindo o discorrer do Camiño, unha vez atravesado o río Armiela ou Galegos e logo de cruzar a estrada de Becerreá a Ventas de

Narón, que conduce a Sarria, en dirección Sur, este ascende nunha das súas variantes cara o Monte de Leirado, hoxe por unha pista que permite o paso de vehículos, e que antes era unha corga.

A continuación atravesamos unha pequena meseta que separa os vales do Neira e do Armiela, por terreos de monte baixo e, pasado o Monte de Leirado, descende cara o Val do Neira, deixando á dereita o fértil val de Láncara. Despois de atravesar o río Armiela por terreo de val e pasando polo centro do pobo de Sta. María da Lama, chégase á Ponte de Carracedo, unha fermosa ponte medieval, recentemente restaurada. O uso da ponte

consta que era frecuente no século XVIII, como punto de encontro do correo procedente de Sarria, Monforte e Ourense, co resto de Galicia para dende alí ser enviado á corte de Castela. Tamén foi utilizada polo padre Sarmiento na súa viaxe a Galicia no 1745.

Unha vez atravesada a ponte medieval, o Camiño segue augas abaixo do río Neira, pola súa marxe dereita, atravesando por fermosas paraxes de vexetación abundante e pradería sempre verde, regada por múltiples quenllas que saen de encoros que remansan o seu curso.

Continuando a viaxe chégase ó lugar de Neira de Rapados, onde

se encontra á dereita un singular pazo, hoxe dividido en vivendas de labradores, pero mantendo as propiedades que circundan a edificación. Segundo a tradición este pazo tamén foi pousada de cabaleiros que viñan dende a corte con dirección á Coruña.

A pouca distancia deste pazo atópase a Casa das Agrolazas, chamada así por ter unha gran extensión de terreo ó seu redor e pertencente entre outros a Antonio López Quiroga y Somoza, entre finais do S. XIX e comezos do XX.

Aquí se inicia un longo e demorado ascenso en dirección a S. Pedro de Bande, atravesando un paisaxe na que afloran numerosas penas graníticas moi redondeadas pola erosión, dando lugar a paisaxes moi suxerentes.

Dunha escritura do 23 de xullo de 1778 resulta que á altura das casas de Amado e Mosteiro denomínase á vía "Camiño Real". Entra o camiño no concello de O Corgo pasado o Monte de Casanova e inmediatamente chega ás beiras do río Tórdea, que é atravesado por unha pequena pero airosa ponte, coñecida como Ponte de Lago e reflectida no mapa de Fontán.



OS DATOS



13 h.



51,9 km.



Dificultade media

TODO EN ALIMENTACIÓN

Refrigerados y Congelados

REPRESENTACIONES CABARCOS

* Hostelería
* Colegios
* Colectividades
* Panaderías
* Tienda Tradicional

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com